

Altermundo

númERO 20

SUPLEMENTO HORIZONTAL

ALTERMUNDO PUBLÍCASE EN GALICIA HOXE O DERRADEIRO DOMINGO DE CADA MES

GALICIA HOXE
DOMINGO, 28
DECEMBRO 2008

ALGO SE MOVE NA ESQUERDA

O nacemento de 'Izquierda Anticapitalista' no Estado español e a súa alianza con outras forzas continentais para as europeas de xuño abre un novo camiño para moitos movementos sociais



Anticapitalismo e marxismo volven soar con forza nos discursos dos movementos sociais e nos dalgúns intelectuais que, como José Saramago, denuncian a prostitución ideolóxica da esquerda en forma da socialdemocracia durante os últimos 30 anos. No seo dos movementos a discusión sobre a relación que hai que ter coa política sigue aberta. Hai que presionar e influír nela ou, simplemente, hai que construír un outro suxeito político? Cada vez máis, hai quen opta por afondar na vía de procurar unha fronte alternativa ao capitalismo [Páx. 2], mais tamén hai quen toma a iniciativa. A creación de o 22 de novembro de 'Izquierda Anticapitalista', a partir de 'Espacio Alternativo', unha corrente política até agora englobada na órbita de Esquerda Unida, e a decisión de presentárense ás vindeiras eleccións europeas con formacións como o Novo Partido Anticapitalista francés, liderado por Olivier Besancenot, a Sinistra Critica italiana ou mesmo o Bloco de Esquerda portugués, entre outros, pode ser un primeiro paso para a reconquista do poder dende unha esquerda formada, xa non por políticos, senón por movementos sociais. [Páxs. 3, 4, 8 e 9]



POR UNHA FRONTE ANTICAPITALISTA

Temos que evitar a refundación do capitalismo construíndo desde abaixo unha nova opción política a este sistema



XAVIER RON
Delegado de OSPAAAL Galicia



Non resulta doado, nestes tempos de polarización partidista escribir sobre *alternativas políticas* sen caer no risco sectario, no partidismo e no dogma cego que emana del en forma de autoproclamación como única alternativa posible, sendo as demais propostas algo que convén desterrar. Seguindo ao filósofo Hans Georg Gadamer, o primeiro que cómpre é reflexionar un anaco sobre os termos que compoñen o binomio destacado.

Alternativas, deixa caer que existe unha pluralidade de posibles á hora de "elixir" unha opción. E, como por arte de maxia, existe unha teima por desviar o significado das palabras, o termo "alternativa" contraporíase a "alternancia". Loxicamente, a contraposición é totalmente forzada, pero, e iso é o relevante da retórica política, está xa instalado no imaxinario social dos axentes implicados. Así, *alternancia* sería a mera rotación de partidos políticos con siglas distintas, pero cun xeito de gobernar o público semellante. *Alternativa* sería non unha mera rotación, senón a irrupción dun partido político radicalmente diferente con respecto ao outro partido no goberno da *res publica*. Tendo en conta esta cristalización retórica, manteñámola por comodidade expositiva.

Políticas, sinala que eses posibles están no eido do campo político. Con esta segunda parte do binomio introdúcese a parte dilemática. Recuperamos o sentido da política como actividade relacionada co goberno da *polis*, da *res publica*. Cando as persoas, de forma seguramente benintencionada, din que "pasan" da política, que son "apolíticas" estanse situando, quizais sen sabelo, fóra da *res publica*. Confúndense. O que sucede é a delegación no devir do proceso histórico recente, pasando a participación nos asuntos da *res publica* a ser exclusividade dos "partidos". Por iso reafirmamos o noso compromiso coa política entendida como a participación da persoa na toma de decisións nos asuntos do día a día.

Deixémolo caer xa. Dentro dun sistema determinado calquera decisión destinada a correxir defectos dos seus mecanismos, a procurar recambios dalgunhas pezas defectuosas… só serve para afortalar o sistema en cuestión. Tendo en conta que vivimos dominados –ou alienados– polo sistema capitalista, do que se reafirma a crise da súa fase neoliberal, calquera acción destinada a "aliviar", "solucionar" aspectos problemáticos inscribirase, de forma lóxica, nas posibilidades aceptadas polo sistema para seguir funcionando con plena normalidade. Exemplifiquemos con algo sinxelo. As persoas de esquerdas que ergueron as voces con efusiva ilusión logo da elección de Barak Obama como presidente dos EE.UU. pensan nunha "solución" a un problema do sistema. Proba diso: Barak Obama, en poucos días, amosou manter unha enorme fe nos asesores económicos da doutrina neoliberal ao escoller os mesmos que levaron a economía estadounidense ao "catacrack" financeiro. Igualmente, a reunión do G-20, coa efusiva participación no patio de butacas do goberno español, todas as reunións dos poderosos "grupos de asesoría" de ministros, presidente e ex-presidentes, todas as receitas de "inxectar" diñeiro público no parque privado de especulación e usura son, todas, receitas para curar a doenza que constipa con forza ao capitalismo. Moitos insisten en que hai crise. Quen escrebe pensa que o capitalismo vive en e da permanente crise, apropiándose das medidas socializadoras cando lle convén –"socialización das perdas, privatización dos beneficios"– e abandonándoas cando quere –coa complicidade dos axentes sindicais e coa deliberada asunción de valores neoliberais pola socialdemocracia. Os momentos de crise son aproveitados polos capitalistas para expulsar á clase traballadora dos seus traballos –con ERE's inxustificados, co abaratamento dos despidos; co desexo inconfeso de atopar man de obra máis amedrentada e submisa á hora de aceptar rebaixas salariais e aumento da xornada de traballo–; para artellar leis antipersoa –Directiva das 65 horas; Directiva de Retorno ou da Vergoña–; para privatizar os recursos públicos e empresarializar a universidade –Plan Boloña; Tratado de Lisboa; PAC…

Como dicía Gramsci, ante o pesimismo da intelixencia, optimismo da vontade. Quen escrebe non quere "parches" ou "remedios" para que o sistema se perpetúe. Pode ser polémico o que dicimos, por ir en contra de voces autorizadas que se proclaman altermundistas, pero queremos evitar a "refundación do capitalismo". Cómpre traballarmos desde abaixo na conformación dunha *Alternativa Política* ao capitalismo. En maiúsculas, dando calor a toda esa plural diversidade de posibles que se definen como "alternativa política". De seguro que haberá quen definan isto como unha UTOPÍA. Pode ser, pero reclamamos aquí o seu poder transformador. Si, a nosa utopía ben podería ser unha *Fronte Anticapitalista*.

> O SISTEMA CAPITALISTA VIVE EN E DA PERMANENTE CRISE, APROPIÁNDOSE DAS MEDIDAS SOCIALIZADORAS CANDO LLE CONVÉN E ABANDONÁNDOAS CANDO QUERE, COA ASUNCIÓN DO NEOLIBERALISMO POR PARTE DA SOCIALDEMOCRACIA

Os pasos deberan ser dados tendo en conta a horizontalidade á hora de asumir responsabilidades e o compromiso militante para levar a cabo as accións destinadas a: en primeiro lugar, desenvolver da maneira máis responsable posible o pensamento teórico elaborado e, en segundo lugar, ir instalando mediante a acción no imaxinario social a existencia da *Alternativa Política* ao sistema. Os medios de comunicación masiva presentarán as nosas accións como obra de extremistas, anarquistas e comunistas, como acontece en Grecia. Quizais sexa presuntuoso pretender bosquexar unhas pequenas bases reflexivas. En calquera caso, que sirvan para animar o debate. Por onde pasa a *Alternativa Política* imaxinada? Véñennos á mente as seguintes poldras:

· autodeterminación do individuo solidariamente unido ao seu semellante;
· integración dialéctica coa Natureza: biodiversidade;
· supresión dos exércitos de guerra e dos orzamentos para a guerra; cultura de paz;
· supresión dos mecanismos de chantaxe neoliberal: FMI, OMC, OCDE, Banco Mundial; supresión de todos os Tratados adoptados de cóstas aos pobos. Creación de novos marcos internacionais de toma de decisións para as relacións entre pobos dentro do respecto pola soberanía;
· racionalidade ecolóxica: na alimentación; no emprego da enerxía; nos desprazamentos; nos usos da terra; no uso dos medios tecnolóxicos; na reconfiguración do territorio e da habitabilidade; en fin, unha ecoloxía social;
· decrecemento do Norte enriquecido e distribución real da riqueza co Sur empobrecido pola doutrinas do capitalismo;
· austeridade económica;
· cooperativismo e mais colectivización;
· cobertura universal a través de servizos públicos de calidade;
· información descapitalizada e libre de propaganda partidista, empresarial e institucional, ao servizo real das persoas en tanto que medio de culturización e comunicación;
· toda persoa verá garantidos os seus dereitos; igualdade plena de realización para todas as persoas por riba das consideracións lingüísticas, de etnia, de xénero, de identidade sexual, ...

Si, a UTOPÍA ben podería ser a creación dunha *Fronte Anticapitalista*, aquí, agora e xa. ●



UNHA OUTRA ESQUERDA, PARA UN OUTRO MUNDO

Do afundimento da esquerda política institucional xorde a necesidade urxente de construír un outro suxeito político



ESTHER VIVAS
Izquierda Anticapitalista

A actual situación de crise do sistema capitalista, con múltiples facetas: unha crise económica, ecolóxica, enerxética, alimentaria..., pon de manifesto a incapacidade deste modelo para garantir a satisfacción das necesidades básicas das persoas e a súa polo respecto ao medio ambiente. Trátase dunha crise estrutural que mostra os límites históricos do sistema capitalista. A súa lóxica, neste contexto, móstrase con total crueza: garantir os beneficios ás elites económicas e políticas á conta da explotación das traballadoras e dos traballadores e a destrución ambiental.

Vímolo estes últimos meses, fronte á caída en picado de Wall Street e a creba de múltiples entidades financeiras, a resposta foi clara: socializar as perdas. A conxuntura de crise implica, como xa estamos a ver, a profundización no desmantelamento dos sistemas de protección social, a redución dos custos laborais e o apoio sen fisuras ás empresas privadas e, en especial, á banca.

No Estado español, o esborrallamento da economía do "ladrillo" e a súa extensión a outros sectores detonou a crise. As capas máis vulnerábeis das e dos traballadores (mocidade, mulleres e inmigrantes) así como as familias máis humildes foron os primeiros en sentir a crise. Os expedientes de regulación de emprego están á orde do día, así como as medidas privatizadoras dos servizos públicos e os recortes sociais. A resposta á crise por parte do goberno de Zapatero foi a de ofertar máis liquidez e garantías aos bancos e empresas e menos prestacións sociais e empregos ás e os traballadores.

A incapacidade por parte da esquerda política hoxe hexemónica de dar unha resposta críbel á situación de crise, de expor "outra axenda", dificulta aínda máis a tarefa urxente de levantar unha alternativa política desde abaixo. A subalternidade de Esquerda Unida ao PSOE e a súa participación e corresponsabilidade en gobernos social-liberais, xestores da presente crise, afastou definitivamente a esta formación daquelas e daqueles que loitan na rúa.

O afundimento desta esquerda política institucional así como o endurecemento das políticas neoliberais por mor da crise estrutural do capitalismo expón a necesidade urxente de construír un novo suxeito político. Un referente de esquerdas ao servizo dos movementos sociais e das resistencias, que diga o que faga e faga o que diga, fiel a uns principios anticapitalistas, internacionalistas, feministas e ecoloxistas e con total independencia respecto ao social-liberalismo.

É desde esta perspectiva que *Esquerda Anticapitalista* lanzou a proposta de presentar unha candidatura ás próximas eleccións europeas de xuño do 2009. Cremos que o contexto actual obriga a impulsar unha iniciativa destas características que xere un debate na esquerda social sobre a necesidade de dar unha resposta política á crise. As eleccións europeas permiten xerar un debate de fondo sobre unhas políticas cada día máis presentes na nosa vida cotiá e que xeran maior precariedade, encarecemento do consumo, recortes sociais... Só fai falta ter en conta as últimas directivas chegadas de Bruxelas: directiva das 65 horas, directiva da vergoña, directiva Bolkenstein así como o Plan Boloña, entre outras.

> AS CONTENDAS ELECTORAIS SON TAMÉN UN CAMPO DE BATALLA PARA A ESQUERDA ANTICAPITALISTA, AÍNDA QUE NON O MÁIS FAVORÁBEL

Consideramos que en paralelo ao traballo nos movementos sociais, debemos aproveitar as contendas electorais para expor a nosa oposición a estas políticas na rúa e defender tamén unha opción electoral que se faga eco das mesmas. Evidentemente *Esquerda Anticapitalista* somos tan só unha parte da esquerda combativa e é por este motivo que lanzamos unha candidatura aberta a activistas de movementos sociais que coincidan con estas formulacións. Trátase de empezar abrir unha fenda nesta dirección.

Deste xeito, iniciamos o proceso de recolleita das 15.000 sinaturas necesarias para poder presentar a nosa opción ás eleccións europeas e animamos a todas aquelas e aqueles que coincidan con esta análise a participar na iniciativa. A situación de crise económica e de derrube da esquerda institucional fai máis necesario que nunca empezar a construír alternativas desde abaixo e tamén na area electoral. As contendas electorais son tamén para a esquerda un campo de batalla, aínda que non o máis favorábel, e non debemos renunciar a el. Non podemos continuar sendo meros espectadores.

As eleccións europeas permiten un traballo de coordinación xunto con aquelas organizacións que noutros países –o Novo Partido Anticapitalista en Francia, Sinistra Crítica en Italia, o Bloco de Esquerda en Portugal...– apostan por unha ruptura co capitalismo desde unha fronte de loitas políticas totalmente independente do social-liberalismo. A experiencia do Novo Partido Anticapitalista (NPA), liderado por Olivier Besancenot, é o máximo exemplo das potencialidades dunha acción política que some a amplos sectores da esquerda social e política e este é para nós un exemplo a seguir e a fiel promesa de até onde queremos chegar. No Estado español, atopámonos aínda moi lonxe dos densos e activos debates que vive a esquerda radical francesa, pero a proposta que lanzamos desde Esquerda Anticapitalista é un primeiro paso nesta dirección. O noso obxectivo: afortalar as resistencias sociais ao capitalismo e avanzar cara á construción dun polo anticapitalista amplo.

A crise do sistema capitalista e a consecuente derrota política e ideolóxica das súas clases dominantes abre unha brecha para as consignas anticapitalistas. "Un outro mundo" é máis urxente ca nunca e outra esquerda que empurre "desde abaixo" tamén. ●

ESPACIO ALTERNATIVO DÁ UN PASO Á FRONTE

O 22 de novembro, máis de 60 delegados e delegadas de varios puntos do Estado Español, reuníronse en Madrid e constataron unha traxectoria que afianza a ***Espacio Alternativo*** -corrente política formada en 1995 por antigos membros da Liga Comunista Revolucionaria (LCR) que se integraron en Esquerda Unida (EU) e independentes ecosocialistas- no seu camiño cara á consolidación política.

As eleccións europeas divísanse como un horizonte no que poder expor un programa político en ruptura co capitalismo, que denuncie a construción da Europa neoliberal que pretende consolidarse como potencia económica e militar a costa do aumento constante da explotación laboral e da apropiación do salario diferido. Nun momento de crise económica, desorientación da clase traballadora e de abandono total da realidade por parte da esquerda oficial, as eleccións europeas perfílanse como un marco no que poder comezar a construír unha alternativa política anticapitalista.

Espacio Alternativo, que xogou o seu papel cando era unha corrente dentro da xa vagabunda EU, desaparece como nome e muda por outro moito máis aclarador: **Esquerda Anticapitalista.** O xornal da organización cambia tamén de nome, e pasa de chamarse *Corriente Alterna* ao de *Combate XXI*, en clara alusión ao Socialismo do século XXI que agromou en América Latina.

Eleccións europeas, Esquerda Anticapitalista e Combate XXI. Cambios perante a nova realidade e os vellos e novos retos que se lle presentan a unha esquerda revolucionaria que hoxe, coma onte, ten ante si a única tarefa de que a meirande parte da sociedade sexa dona da súa vida e do seu destino colectivo.

+INFO: www.anticapitalistas.org



NACE ESQUERDA ANTICAPITALISTA

"Cambiar o mundo de base é hoxe máis necesario ca nunca. Por unha candidatura anticapitalista nas eleccións europeas de 2009". Ese é o título do manifesto que Izquierda Anticapitalista acaba de lanzar á luz pública para recoller as sinaturas necesarias para se transformar nun partido político e poder concorrer a plebiscitos. O manifesto, que pode ser baixado pide a sinatura non só de quen conflúan coa súa ideoloxía, senón tamén de quen defendan o dereito democrático á existencia dunha candidatura como esta. De feito, primeiramente foi asinado por máis de 800 persoeiros do mundo intelectual e do activismo, entre eles os galegos Carlos Taibo, Manuel Rivas, Ramón Chao ou Ignacio Ramonet, ademais de outros como como José Vidal Beneyto, Antoni Domenech, Carlos Fernández Liria, Xusta Montero, Montserrat Galcerán, Ramón Fernández Durán ou os sindicalistas Cándido e Morala…

Izquierda Anticapitalista naceu o pasado 22 de novembro da Conferencia Extraordinaria de Espacio Alternativo, unha corrente política até agora englobada na órbita de Esquerda Unida. Xa independizada totalmente da coalición, agora dá o paso definitivo cara os movementos sociais e un outro paso eminentemente político e dalgún xeito un chisco simbólico, presentarse ás europeas nunha fronte de esquerda radical continental con formacións francesas, italianas, portuguesas, suecas, etc. Un feito que pretende máis abrir o debate que instalarse nos parlamentos e asumir o sistema. Entre as súas reivindicacións, que aínda non están plasmadas máis que nalgún documento aberto ás achegas e ás reticencias, está o freo absoluto do sistema economicista, co control e renacionalización bancarias, a sustentabilidade ecolóxica, a autodeterminación dos pobos, etc. O manifesto para o que Izquierda Anticapitalista pide sinatura reza do seguinte xeito:



"Agora máis ca nunca fíxose evidente que o capitalismo global xerou unhas forzas destrutivas que, na súa teima por amorear riqueza, provocan unha meirande desigualdade social e ameazan a supervivencia do conxunto da humanidade e do planeta.

No Estado español, os efectos da crise son xa innegábeis. A pesares da retórica, a resposta á crise do goberno de Zapatero vai afondar nas medidas fiscais regresivas, nas privatizacións, nas obras públicas faraónicas insustentábeis e nos agasallos fiscais ao gran capital, mentres medran o paro e a precarización das nosas vidas, deterióranse, mercantilízanse e privatízanse servizos públicos básicos e néganse dereitos sociais fundamentais como os dunha vivenda e unhas pensións dignas. Trátase da mesma política que se está a adoptar no marco dunha UE ao servizo das multinacionais e non dos pobos.

Fronte a todos os intentos de facer pagar aos sectores populares a crise deste sistema é necesario organizar a resistencia e reforzar as loitas sociais, con criterios unitarios e buscando converxencias. Porén, pensamos que a resistencia social non abonda. É necesaria unha alternativa política anticapitalista cuxa única lealdade estea nas loitas e nos movementos sociais, que nunca acepte participar na xestión do sistema, que saiba escoitar e aprender, que mereza confianza. Esa alternativa non existe e queremos contribuír a construíla. Sabemos que é unha tarefa arriscada e difícil, que levará moito esforzo durante moito tempo e que só chegará a bo porto se converxen nela, dende candansúa experiencia, organizacións e ideas, quen agora comparten xa as críticas radicais e as loitas contra este sistema, pero aínda non un proxecto político anticapitalista alternativo.

A RESPOSTA Á CRISE DE ZAPATERO VAI AFONDAR NAS MEDIDAS FISCAIS REGRESIVAS, NAS PRIVATIZACIÓNS E NAS OBRAS PÚBLICAS FARAÓNICAS

Para avanzar neste camiño, Esquerda Anticapitalista decidiu presentarse ás vindeiras eleccións europeas de xuño de 2009 buscando a colaboración de sindicalistas, activistas e militantes independentes. Con esta perspectiva comezou o proceso de procura das 15.000 sinaturas de cidadáns e cidadás que se requiren para poder presentar unha listaxe.

As ou os abaixo asinantes coñecemos esta iniciativa, parécenos importante que sala adiante e saudámola positivamente. Manifestamos a nosa vontade de dar a nosa sinatura na procura das 15.000 necesarias e alentamos ás persoas que forman parte da esquerda social, política ou cultural a facelo, xa sexa en apoio ao proxecto ou simplemente defendendo o dereito democrático á existencia dunha candidatura anticapitalista como esta. Por todas estas razóns subscribimos, a título individual e sen falar en nome das nosas organizacións, colectivos ou campañas, este manifesto." ●



+INFO:
www.anticapitalistas.org

PROBLEMAS, FASCINACIÓNS E OPORTUNIDADES



PAT MOONEY
Premio Nobel alternativo e director do Grupo ETC

Hai 30 anos a humanidade tiña un problema, a ciencia tiña unha fascinación e a industria tiña unha oportunidade. O noso problema era a inxustiza. As masas de famentos medraban e ao mesmo tempo a cantidade de labregos e agricultores minguaba. A ciencia, mentres tanto, estaba fascinada pola biotecnoloxía, a idea de que poderiamos manipular xeneticamente os cultivos e o gando (e a xente) para inserirlle características que supostamente superarían todos os nosos problemas.

A industria dos agronegocios viu a oportunidade de extraer as enormes ganancias latentes en toda a cadea alimentaria. Pero o sistema alimentario tremendamente descentralizado impedíalles encher os petos. Para remediar esta eiva había que centralizalo.

Todo o que a industria tivo que facer foi convencer aos gobernos de que a revolución biotecnolóxica podía pór fin á fame sen mancar o ambiente. Pero, dixeron, a biotecnoloxía era unha actividade con demasiado risco para pequenas empresas e demasiado cara para investigadores públicos. Para levar esta tecnoloxía ao mundo, os fitomelloradores públicos terían que deixar de competir cos fitomelloradores privados. Os reguladores e controis antimonopolios terían que mirar para outro lado cando as empresas de agroquímicos se apoderaran das empresas de sementes, que á súa vez mercaron outras empresas de sementes. Os gobernos terían que protexer os investimentos das industrias outorgándolles patentes, primeiro sobre as plantas e logo sobre os xenes. As regulamentacións de inocuidade para protexer aos consumidores, gañadas arduamente no transcurso dun século, terían que renderse ante os alimentos e medicamentos modificados xeneticamente.

NOS ÚLTIMOS 30 ANOS UN PUÑADO DE COMPAÑÍAS GAÑARON O CONTROL SOBRE UNHA CUARTA PARTE DA BIOMASA ANUAL DO PLANETA, QUE FOI INTEGRADA Á ECONOMÍA DE MERCADO

A industria obtivo o que quixo. Das miles de compañías de sementes e institucións públicas de mellora de cultivos que existían 30 anos atrás, agora só quedan 10 transnacionais que controlan máis de dous terzos das vendas mundiais de sementes, que están baixo propiedade intelectual. Das ducias de compañías de praguicidas que existían hai tres décadas, 10 controlan agora case o 90 por cento das vendas de agroquímicos en todo o mundo. De case mil empresas biotecnolóxicas emerxentes hai 15 anos, 10 teñen agora os tres cuartos dos ingresos desa industria. E seis das empresas líderes en sementes son tamén seis das líderes en agroquímicos e biotecnoloxía.



Nos pasados 30 anos, un puñado de compañías gañaron o control sobre unha cuarta parte da biomasa anual do planeta (cultivos, gando, pesca, etc.), que foi integrada á economía de mercado mundial.

Actualmente, a humanidade ten un problema, a ciencia ten unha fascinación e a industria ten unha oportunidade. O noso problema é a fame e a inxustiza nun mundo de caos climático. A ciencia ten unha fascinación coa converxencia tecnolóxica a escala nanométrica, que inclúe a posibilidade de deseñar novas formas de vida desde cero. A oportunidade da industria radica nas tres cuartas partes da biomasa do mundo que, aínda que se usa, permanece fóra da economía de mercado global.

Coa axuda de novas tecnoloxías, a industria cre que calquera produto químico que hoxe é fabricado a partir do carbono de combustíbeis fósiles pode facerse a partir do carbono atopado nas plantas. Ademais de cultivos, as algas dos océanos, as árbores da Amazonia e o pasto das sabanas poden ofertar materias primas (supostamente) renovábeis para alimentar á xente, facer combustíbeis, fabricar aparellos e curar doenzas, á vez que eludir o quecemento global. Para que a industria faga realidade esta visión, os gobernos deben aceptar que esta tecnoloxía é demasiado cara. Convencer aos competidores de que corren demasiado risco. Hai que desmantelar máis regulamentos e aprobar máis patentes monopólicas.

E tal como aconteceu coa biotecnoloxía, as novas tecnoloxías non teñen por que ser socialmente útiles ou tecnicamente superiores (é dicir, non teñen por que funcionar) para ser rendíbeis. Todo o que teñen que facer é eludir a competencia e as alternativas e coaccionar aos gobernos para que se abandonen ao seu control. Unha vez que o mercado está monopolizado, pouco importa cales son os resultados da tecnoloxía. ●

+INFO: Texto que prologa o informe: *De quen é a natureza?: O poder corporativo e a fronteira final na mercantilización da vida*, que se pode baixar en www.etcgroup.org

NORTE-SUR, O XÉNERO NO CENTRO

Implicadas acaba de cumprir unha década de traballo de cooperación dende unha perspectiva galega e de xénero



BLANCA RODRÍGUEZ
Implicad@s no Desenvolvemento

No 2008, o ano que acabamos de deixar atrás, Implicadas/os No Desenvolvemento cumpriu a súa primeira década de traballo para cambiar o mundo dende unha perspectiva que, no momento en que naceu, non existía e agora digamos que tampouco abunda: unha perspectiva galega e de xénero. Os nosos proxectos existen para axudar a saír as comunidades coas que traballamos da pobreza extrema e a discriminación a través do empoderamento e o desenvolvemento endóxeno. Pero non é posible considerar a unha comunidade, nin a unha sociedade desenvolvida cando a metade da súa poboación continúa a padecer desigualdade, discriminación, opresión e violencia. Por iso en Implicadas consideramos o enfoque de xénero o eixo fundamental do noso traballo: a superación da discriminación que padecemos as mulleres en tódolos eidos, a dobre discriminación que padecen as mulleres dos nosos proxectos, por ser pobres e por ser mulleres. E por iso este ano 2009 que comeza agora terá como fío condutor das nosas actividades o traballo de xénero en todos os eidos, tanto no Sur como aquí en Galicia.



Cando falamos do enfoque de xénero nos proxectos de desenvolvemento axiña se crea a imaxe mental do "traballo con mulleres", pero en realidade o enfoque de xénero é algo ben distinto: non consiste en traballar con mulleres, senón con toda a comunidade, mulleres e homes de todas as idades, dende a infancia á vellez. Porque cambiando so os patróns que afectan as mulleres só se consegue agravar o problema, sobrecargándoas de traballo, xerando conflitos nas familias e nas comunidades. Non. É fundamental que os homes tamén se impliquen e sexan partícipes do cambio das estruturas do patriarcado, porque, en realidade, traballar cun enfoque de xénero non consiste máis que en traballar coa perspectiva transversal de que en calquera actuación que se realice hai que ter sempre en conta cal vai ser o impacto nos papeis que o xénero nos bota enriba nada máis nacer e como se debe enfocar para que esa iniciativa permita axudar a corrixilos.

Como o seu propio nome indica, Implicadas/os No Desenvolvemento traballa nos países do Sur (Etiopía e a India) para promover o seu desenvolvemento, pero esta non é máis ca unha cara da moeda, a cara a miúdo máis visible, mais non necesariamente a máis importante. A pobreza non xorde porque si, nin lles toca a uns países ser ricos e a outros pobres na ruleta da fortuna: ten unhas causas e unhas raíces que se estenden ata o Norte, ata os países ricos nos que vivimos nós. Ata Galicia. Por iso é fundamental o traballo na nosa terra, na nosa sociedade, porque o cambio que precisan os países empobrecidos do Sur non se producirá sen unha mudanza nos modos de ser, actuar consumir e ver o mundo nos países ricos do Norte, onde a cotío se presenta as poboacións do Sur como nenas e nenos caracterizadas/os pola indefensión, a ignorancia, a impotencia e mesmo a preguiza. No caso da loita pola igualdade das mulleres esta visión imperialista e racista do mundo que impregnan as nosas sociedades (poderíamos citar o recente caso do fiscal rioxano Eduardo Peña, sancionado pola ocorrente frase "Abrid las ventanas que la negra huele mal", referida a unha nixeriana que (ía ser xulgada) interactúa co machismo polo que é preciso ademais que deixemos de ver ás mulleres pobres como vítimas desvalidas e pasemos a velas como persoas cheas de potencial e ideas que, moitas veces, non precisan máis que unha oportunidade para desenvolvelos. E por suposto, é necesario que as nosas sociedades comprendan que non é unha cuestión de riqueza ou pobreza, de nacer en Galicia ou en Etiopía, xa que as mulleres experimentamos en todo o mundo os mesmos problemas, a mesma desigualdade e a mesma violencia. As manifestacións poden ser distintas, pero o problema de base é o mesmo.

Esta é unha mensaxe que Implicadas transmite a través de tódalas súas accións de sensibilización e manifestacións públicas, sexan cursos, relatorios, documentais, materiais didácticos ou libros. Un labor que ven de ser galardoado recentemente co III Premio *Eu Tamén Navegar*, para unha Galicia sen violencia de xénero, concedido pola Secretaría Xeral de Igualdade en recoñecemento do traballo pioneiro de implicadas e da importancia de "globalizar a solidariedade para loitar contra a violencia de xénero, igual que se globaliza a economía", en palabras do vicepresidente Anxo Quintana.

HOXE CÓMPRE GLOBALIZAR A SOLIDARIEDADE E A LOITA CONTRA OS PATRÓNS RETORCIDOS DO XÉNERO, PORQUE É UN PROBLEMA GLOBAL QUE NOS AFECTA A TODAS E A TODOS, DE AÍ QUE TECER REDES E COMPARTIR EXPERIENCIAS É FUNDAMENTAL


É ben certo que cómpre globalizar a solidariedade e a loita contra os patróns retorcidos do xénero, porque é un problema global que nos afecta a todas e a todos. Por iso en Implicadas consideramos que tecer redes e compartir experiencias e coñecementos é fundamental. E por iso este ano presentamos o congreso internacional *Norte-Sur, o xénero no centro*, no que contaremos coa presenza de expertas e expertos de diversos países (incluídos, por suposto a India e Etiopía), co que se agarda iniciar unha corrente de dobre vía pola que flúan eses coñecementos e experiencias dende Galicia e cara a Galicia, de xeito que inunde a nosa sociedade. Este congreso celebrarase ao longo dos meses de abril e maio e recorrerá toda a xeografía galega, con relatorios en Vigo, Santiago, Lugo, Rianxo, A Coruña, Ourense ou Ferrol e nel contaremos coa participación de entidades como Homes galegos pola igualdade ou o Observatorio sobre Muller e Conflitos, autoridades na materia como Vanesa Saiz, Irene Manzano ou Lidia Senra e persoal dos proxectos de Implicadas que compartirán a súa experiencia no terreo: Zinash Bezabih (Etiopía), Sheela Vincent (India) e Mohammed Hussein Etiopía).

En resumo: Implicadas é unha organización de desenvolvemento, pero tamén o é de xénero. Nos nosos principios de actuación e planificacións estratéxicas a superación da discriminación das mulleres en todas as súas formas ocupa un papel sobranceiro e os esforzos por visibilizar a súa importancia son constantes en tódolos eidos. Implicadas é a única ONGd galega que se define como "de xénero" e que planifica tódalas súas actuacións entorno a esta realidade transversal. Porque as mulleres somos a metade do mundo e porque a violencia non é admisible en ningunha circunstancia nin en forma ningunha. ●



SOBRE A AUTORA

Blanca Rodríguez, tradutora de profesión. É voluntaria de Implicad@s dende 2000. Exerceu o cargo de Coordinadora de Voluntariado e actualmente é Secretaría da organización, ademais de Coordinadora do Equipo de Prensa e Comunicación. Asistiu ao Cumio Mundial do Microcrédito, celebrado en Halifax (Canadá) no 2006, onde tivo ocasión de coñecer ao fundador do Grameen Bank, Mohammed Yunus. Tamén ten visitado os proxectos da India, tanto en labores de seguimento como no seu papel de Coordinadora do ciclo formativo Vanakkam.




ARMANDO LOBOS



A FIN DUNHA CIVILIZACIÓN CON PÉS DE LAMA

A actual crise económica e financeira non é máis có preludio dun colapso global real a causa da escaseza do petróleo



MANUEL CASAL LODEIRO
Membro de Véspera de Nada, por unha Galiza sen petróleo

En Galiza a primeira chamada pública de atención deuna Xoán Ramón Doldán, cun artigo titulado *Crise enerxética ou crise social?,* publicado en *Tempos Novos* seis meses despois de deixar a dirección do Instituto Galego da Enerxía: "Hoxe asistimos á crise do modelo enerxético vixente. Os cambios noutras ocasións sempre foron motivados por unha carencia crítica da enerxía necesaria para mover o metabolismo da sociedade onde tal modelo imperaba. Case sempre a transición a outro modelo desembocou nun cambio de civilización, a emerxencia dun novo xeito de ordenar as cousas." Doldán salientaba no seu artigo o grave problema no fondo na cuestión enerxética: o mito do *crecemento*. Sóalles de algo? Segundo explicaba o autor (na actualidade profesor de Economía Aplicada na USC), o desenvolvemento dese mito e con el, do actual modelo capitalista, foi posible grazas á existencia dunha substancia de propiedades únicas e insubstituíbles: o petróleo.

Así foi que todo nos últimos 150 anos se construíu en base a un enorme absurdo da Física que, incrible e traxicamente, non foi tal para os economistas nin para os gobernos: a dispoñibilidade infinita dese peculiar recurso. Absolutamente todo se foi cimentado sobre un petróleo sempre a man, sempre asequible: o noso modelo industrial, produtivo e comercial, o noso modo de vivir e traballar, o noso sistema de transporte e mesmo o modo en que nos alimentamos… Curiosamente isto último, malia a súa importancia para a nosa supervivencia, só o descubrimos se ollamos detidamente o que hai por tras do noso carro da compra. Porque para todos é evidente a forte dependencia da nosa mobilidade con respecto ao petróleo –e se alguén non o tiña claro de abondo, este pasado verán tivo unha dura lección de repaso nas gasolineiras–, mais non é tan obvia, porén, no que atinxe á alimentación.

O sistema agroindustrial que nos fornece de comida cada día na gran maioría dos fogares deste país está baseado nun modelo produtivo altamente dependente dos combustibles fósiles. Sen os fertilizantes, pesticidas, sistemas de rego e maquinaria a gasoil –todo isto fabricado ou movido a partir de petróleo ou gas natural–, simplesmente este tipo de sistema non pode producir comida. Claro é que temos outros sistemas alternativos para producirmos alimentos: hortas familiares, uns poucos produtores ecolóxicos e mesmo algún supervivinte da tracción animal… Pero a canta xente daríamos alimentado con esa capacidade produtiva, a estas alturas tan estragada polo capitalismo mundializado? E aínda por riba: como transportarmos eses alimentos desde as zonas de produción ás grandes cidades –hoxe alimentadas desde milleiros de quilómetros de distancia– cando ese malgasto obsceno de enerxía se demostre insustentable?

É unha das constatacións máis alarmantes cando un tenta avaliar o alcance dunha escaseza de petróleo que temos xa á volta da esquina. Tras alcanzarmos o chamado "cénit" ou "pico" na produción mundial de petróleo, cada vez teremos *menos* petróleo e seremos *máis* a repartírmolo: a Axencia Internacional da Enerxía prevé que malia o efecto da crise económica, a demanda de cru seguirá a medrar no 2009. O colapso, froito dunha produción de petróleo irremediablemente minguante e unha demanda crecente, estará entón servido e as industrias teimando por se recuperaren do crash financieiro atoparanse cun novo atranco contra o que non valerán rescates gobernamentais: un petróleo cada vez máis caro, arrastrando tras de si todos os prezos da economía mundial nunha espiral estanflacionista sen precedentes na historia. Estamos a falar de 2010, talvez de 2015… As axencias oficiais, as empresas petroleiras e mais os científicos xa fan as súas apostas sobre o momento crítico do *cénit*, do comezo da costa abaixo que mesmo hai quen di xa comezou no 2005. Para a civilización industrial abrirase daquela un proceso de inevitable demolición, paulatina e a penas controlada, unha transición seguramente turbulenta, un camiño no que algúns prevén –e outros talvez planifican?– a morte de millóns de seres humanos ata darmos restablecido a sinxela ecuación tan difícil de comprender para varias xeracións de economistas: *consumo de recursos x poboación ≤ capacidade ecolóxica do planeta.* ●

> A AXENCIA INTERNACIONAL DA ENERXÍA PREVÉ QUE, MALIA OS EFECTOS DA CRISE ECONÓMICA, A DEMANDA DE PETRÓLEO SEGUIRÁ A MEDRAR DURANTE O ANO 2009

PERMACULTURA, DECRECEMENTO... TRANSICIÓN



ANTONIO PALMA RICO
Membro de PermaCultura Galiza


O Decrecemento non era alleo ás culturas dos pobos orixinarios, nas que a sobriedade no consumo enerxético e a auto-suficiencia alimentaria eran compatibles coa cohesión da comunidade, a honra polas persoas maiores e a celebración cotiá da vida. Porén, os actuais habitantes de Gaia estamos a encarar o final dun ciclo civilizacional no que esgotamos un ouro negro que tamén coma nós foi vida, aínda que a convirtamos en fume, plástico, guerra e morte. O paradigma do noso medrar baseado máis ca nada en combustibles fósiles está a estourar agora nas nosas caras, deixándonos albiscar escenarios futuros de máis conflitos, inxustiza e escaseza.

Fronte a esta perspectiva, unha proposta ética e de deseño holístico como a PermaCultura, levou nestes últimos anos á conformación dunha estratexia de redeseño da sociedade, cara unha TRANSICIÓN ordenada e planificada de xeito creativo e integrador. O movemento de cidades e pobos en Transición (Transition Towns), amósase como alternativa real e efectiva para a organización de planos executivos de redución da dependencia do petróleo. Xurdiu no tecido peri-urbano e post-industrial do Reino Unido, na cidade de Totnes, e neste momento estase a espallar por distintos países. Rob Hopkins, un dos fundadores do movemento basea a súa proposta en 4 evidencias: 1) A vida con menos enerxía é inevitable e resulta mellor deseñármola ca que chegue por sorpresa. 2) Temos perdido a capacidade de resistirmos os desequilibrios enerxéticos. 3)Temos que actuar por nós mesmos e temos que facelo agora. 4) Coa axuda das ideas colectivas da comunidade podemos deseñar creativamente xeitos de vida máis enriquecedores, satisfactorios e conectados cós presentes.

FRONTE O COLAPSO DA SOCIEDADE POR MOR DA DEPENDENCIA DOS COMBUSTIBLES FÓSILES XURDE A PERMACULTURA COMO ESTRATEXIA PARA CAMIÑAR CARA A CIDADES E POBOS EN TRANSICIÓN. XA HAI MÁIS DUN CENTO NO MUNDO


A proposta de *Transition Towns* fálanos da nosa vulnerabilidade ás crises enerxéticas e de que só desenvolvendo comunidades autosuficientes podemos adiantarnos e estar preparados para un futuro sen petróleo, loitando ao tempo contra o cambio climático. A mesaxe é clara: temos a derradeira oportunidade de planificar o noso descenso enerxético e traballar cara un afortalamento das sociedades locais apoiándonos no valor do coñecemento tradicional, para asegurarmos as nosas necesidades alimentarias e enerxéticas.

Quizais a sabedoría ancestral dos pobos indíxenas nos poida alumear no camiño para esta necesaria e urxente transición. A debeda é cos nosos descendentes, coa natureza e co resto das especies do planeta; a tarefa é dura e longa, pero pode ser apaixoante deseñarmos un escenario para vivir mellor con menos. ●



"The Transition Handbook. From Oil Dependency to Local Resilience" (Green Books, 2008. De próxima aparición en castelán) é unha obra escrita polo fundador do movemento das Cidades en Transición, Rob Hopkins. Fronte ao pesimismo e impotencia con que nos deixan os problemas planetarios do cénit do petróleo e mais o cambio climático, pretende achegar unha axuda práctica para transitarmos con esperanza cara a un futuro máis local, máis humano. O movemento abrangue xa máis de 100 cidades e vilas en todo o mundo. **+INFO:** transitionculture.org/shop/the-transition-handbook/

SUPERANDO A ENCRUCILLADA CAPITALISTA




O modelo capitalista baseado no constante crecemento está a provocar unha grave crise sistémica que cuestiona radicalmente a vixencia da economía de libre mercado. Os camiños de insistencia nun modelo autodestrutivo e na refundación do capitalismo non fan máis que prolongar a agonía e degradar o seu sustento baseado na existencia de recursos abundantes e baratos nun planeta finito. Ante o incremento da fractura social que está a desencadear a crise do sistema, faise preciso tomar camiños novos que profunden nun modelo de economía descapitalizada baseado na autoxestión e na autosuficiencia, e nun modelo político en rede, que instalado no local, instaure a democracia directa para outorgarlle á cidadanía a liberdade, o control e a responsabilidade. ● **Manolo Rei**



VÉSPERA DE NADA, POR UNHA GALIZA SEN PETRÓLEO



Este novo colectivo nace en setembro do ano 2008 da inquedanza de varios activistas sociais e culturais galegos concienciados sobre o problema do "cénit do petróleo" e o seu vencellamento coa crise económica e financeira. O seu obxectivo é dar a coñecer en Galiza este fenómeno e as súa graves repercusións, poñendo tamén en valor as diversas iniciativas xa existentes que poden contribuír a unha maior capacidade de resistencia da sociedade galega fronte a esas consecuencias, facendo uso nomeadamente de Internet como medio de comunicación e para a creación de sinerxias cara a unha Galiza verdadeiramente sustentable e xa que logo independente dos combustibles fósiles. **+INFORMACIÓN: Cénit do Petróleo:** www.vesperadenada.org | www.crisisenergetica.org | www.peakoil.net; **Cidades en Transición:** www.transitiontowns.org | www.comunidadsinpetroleo.com/TNESP | www.permacultura-es.org/downloads/Tiempos%20de%20Transicion.pdf



A loita pola Cidadanía

A CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO FORO SOCIAL GALEGO, OS DÍAS 5, 6 E 7 DE DECEMBRO, METEN A GALIZA DE CABEZA NO DISCURSO ALTERMUNDISTA PLANETARIO E NOS PROCESOS TENDENTES Á PROCURA DA CHAMADA XUSTIZA SOCIAL GLOBAL. XOÁN HERMIDA REPASA TODA A HISTORIA DE INTERNACIONALISMO QUE HAI DETRÁS



XOÁN HERMIDA
Amarante

A mediados do século XIX, tras a derrota das revolucións democráticas europeas do 48, é por primeira vez cando se formula unha loita de carácter internacional pola xustiza social e contra a pobreza e marxinación de amplas capas da poboación, arredor da creación da AIT (1863-1873).

Algo máis dun século despois, un novo movemento internacional sitúa con forza elementos antisistema e é capaz de mobilizar a miles de persoas no mundo.

Moitas son as diferenzas e tamén moitas as semellanzas entre os devanditos movementos.

En todo caso, trátase dunha longa loita pola xustiza social, pero, máis aló, dunha loita pola cidadanía, que entronca cos grandes ideais emancipatorios da Revolución Francesa de 1789 (liberté, égalité, fraternité) que aínda hoxe seguen vixentes e, en moitas situacións xeográficas ou espazos sociais, pendentes.

O Foro Social Mundial de Porto Alegre ten moito que ver coa Primeira Internacional nos elementos estratéxicos que sitúa enriba da mesa: a loita contra a exclusión (democracia), a loita contra a explotación –o ser humano non é unha mercadoría– (xustiza social), a loita por un contorno habitable (ecoloxismo) e a loita contra a alienación –libre albedrío– (humanismo). Os dous sitúan a utopía como motor de cambio e os dous formúlannos que "un outro mundo é posible".

O Foro Social Mundial de Porto Alegre entronca coas dinámicas máis ilusionantes e refrescantes dos primeiros anos da primeira Internacional: o papel central dos movementos sociais –daquela sindicatos, hoxe organizacións cidadás–, a pluralidade de ideas –o antidogmatismo– e a capacidade de integración e a apertura –o antisectarismo.

A evolución posterior tras a derrota da Comuna de París (marzo-maio de 1871) e as conclusións que delas saca o movemento obreiro –e a dinámica histórica do último século– teñen avanzado por modelos e contramodelos nos que o desenvolvismo económico se instalaba fronte á autosostibilidade, no que se priorizaban as estruturas de poder en lugar dos espazos de participación da sociedade civil, nos que aumentaba o peso dos partidos fronte ás organizacións sociais, o fortalecemento dos estados fronte á nación –na súa interpretación laica de 1789–, a visión eurocentrista e occidentalista fronte a unha visión multipolar, etc.

Se a primeira Internacional se puña en marcha tras a crise profunda do modelo bonapartista que pechaba –en falso– e sen dar resposta aos grandes ideais emancipadores, á vez que se expandía ao conxunto de Europa, o Foro de Porto Alegre ábrese como consecuencia da crise que para os ideais emancipadores supón a caída do muro de Berlín e a crise do modelo staliniano no que desembocou a revolución soviética.



X. M. ALBÁN / FSGAL

Plenario no Foro Social Galego. Na mesa: Xan Duro, Carlos Taibo, Lara Domínguez, Lupe Ces, Lida Senra e Xosé Manuel Beiras

Pero non debemos perder de vista os anos sesenta do século pasado, pois nalgúns dos seus elementos alternativos está o pouso da maioría dos ideais que hoxe configuran o movemento antiglobalización no seu conxunto. O coñecido como movemento do 68, ao igual que o foran as revolucións do 48 do século anterior en Europa, non eran nin máis nin menos que profundas emendas democráticas da cidadanía.

Trátase da rebelión democrática da sociedade civil contra o anquilosamento democrático nos países do norte capitalista, contra a burocracia e a represión nos países "socialistas" e contra as limitacións, degradación e burocratización que impoñen os novos dirixentes na periferia. Taratábase dunha contestación cívica no que se atopa moito pouso do que posteriormente deu lugar ao movemento antiglobalización en canto a ideais:

· A posta en cuestión do proletariado como único suxeito revolucionario.
· A crítica antiautoritaria ás estruturas burocráticas, monolíticas e xerarquizadas de partidos en particular e do poder en xeral.
· A creba coa tradición revolucionaria moderna dirixista –leninista.
· A recuperación da nación –cidadáns e cidadás– fronte ao estado –poder.
· O rexeitamento á alienación e miseria da vida cotiá nas sociedades opulentas.
· A irrupción do cuestionamento aberto das relacións de xénero e o dominio patriarcal.
· O dominio do capital sobre a natureza.
· O pacifismo. A mobilización e a desobediencia civil como elementos de resposta cívica.
· A reivindicación da utopía.

E tamén en canto a elementos de vertebración alternativa –movemento dos países non aliñados (Bandung, 1955), comercio xusto (UNTAD, 1664), vertebración das organizacións campesiñas no Sur, primeiros movementos indixenistas, auxe do movemento das ONGD, iniciativas de economía social alternativa (cooperativismo, banca ética, radios libres...), rede en Europa de movemento okupas, primeiras prácticas de agricultura ecolóxica…

no verán do 1996 fai o EZLN para convocar un encontro Intergaláctico contra o Neoliberalismo e pola Humanidade xorde en Xenebra (1998) a chamada Acción Global dos Pobos (AGP) contra o "libre comercio". Constituíndose así a primeira coordinadora estable contra a globalización económica e o neoliberalismo.

Pero esta coordinación non pasa de ser unha coordinación de protesta, convertendose case nunha moderna ruta de peregrinación polos novos lugares "sagrados", sen propostas alternativas concretas e cun desprestixio froito da actuación violenta de minorías participantes.

UN DOS GRANDES LOGROS DO SISTEMA, Á PARTE DE SOCIALIZAR A ESTUPIDEZ, É XERAR A IDEA DE QUE NON HAI CAMBIO POSIBLE E DE PROVOCAR A FRAGMENTACIÓN DAS LOITAS

Movemento antiglobalización

A caída do muro de Berlín e o esfarelamento do bloque do leste, xunto coa incorporación de China ao modelo neoliberal tras a represión da Praza de Tiananmén (1989) teñen achanzado o terreno para que xurda a inicios dos noventa o capitalismo global.

Son os movementos sociais e as cidadanías de diferentes rexións do mundo as que se teñen oposto á globalización neoliberal. Un primeiro paso foi poñer en marcha un movemento de resistencia diante dos diferentes cumios dos amos do mundo. A raíz dos chamamentos que

Así xorde como xorde o Foro Social Mundial (2001), como foro alternativo ao de Dávos que reúne anualmente a máis de 2.000 proclamados líderes mundiais, dirixentes políticos e un milleiro de presidentes de corporacións transnacionais e institucións financeiras.

Co lema "un outro mundo é posible", xorde un foro tan antisistema como o movemento da AGP, pero coa diferenza da busca de propostas que, sen perder o seu carácter anticapitalista ou antidesenvolvista, formule modificacións do *status quo* que permitan non só mellorar as condicións de vida das persoas senón tamén



acumular forzas para unha transformación radical do noso mundo.

A dinámica dos foros sociais nestes anos ten sido positiva en canto a reagrupamento de ideas e vontades, a intercambio de experiencias e a formular, aínda que fose no teórico, a posibilidade de que o cambio de sistema é posible.

O altermundismo diante da etapa da crise global

Pero as cousas teñen cambiado moito nestes case oito anos. Asistimos á primeira crise da globalización con dificuldades obxectivas para a súa superación. Ata o de agora as crises eran de sobreprodución e o sistema capitalista resolvíaas destruíndo forzas produtivas, ben fora por guerras ou por reconversións, pero agora non hai forzas produtivas que destruír pois asistimos a unha burbulla financeira inflada artificialmente por movementos especulativos.

Así, sen perder os seus principios fundacionais, e salvagardando por riba de todos o seu carácter plural, o movemento altermundista debe afondar en liñas estratéxicas de cambio e tamén nas programáticas para que este se produza, tendo presente que os dous elementos clave para construír calquera alternativa sempre son: programa e política de alianzas.

Unha opción programática que teña como piares a radicalidade democrática, o desenvolvemento económico sustentable ao servizo das persoas en harmonía coa natureza e a xustiza social global. Trátase de elaborar políticas globais de concreción local e políticas locais globalizadoras. E sobre todo deben ser propostas de cambio de sistema concretas que non poidan ser asimiladas polo sistema.

Unha estratexia clara ao servizo do cal estea unha táctica precisa e non ao revés. O "principismo" ten sido paralizante para os movementos sociais e as súas dinámicas de cambio, pero ten sido aínda peor o tacticismo, sobre todo nun intre en que os partidos renuncian á política, asséntanse na xestión e sitúan aos movementos como correas de transmisión ao servizo dunha táctica electoral conxuntural.

É necesario poñer a estratexia por diante da táctica, reinventar a folla de ruta da transformación social e, sobre todo, poñer aos partidos de reforma do sistema (socialdemócratas e/ou nacionalistas progresistas) ao servizo dos movementos sociais para trazar unha aposta de cambio. Non podemos permeternos o luxo de estar avaliando o cumprimento ou non dos compromisos eleitorais das forzas de "reforma" namentras non adicamos o esforzo a elaborar as estratexias para o cambio estructural.

Un dos grandes logros do sistema á parte de socializar a estupidez e xerar a idea de que non hai cambio posible, é a fragmentación de loitas. Faise necesario artellar redes globais e transversais de cambio. Non é posible abordar a loita contra as desigualdades norte-sur sen abordar os límites de crecemento (ecoloxismo); abordar a loita por un comercio xusto norte-sur sen abordar a soberanía alimentaria (Vía Campesina); abordar o cambio do modelo produtivo sen atender as demandas das vítimas da deslocalización (feminismo); traballar procesos de integración sen abordar os dereitos dos inmigrantes…

Outra cuestión chave é a política de alianzas. É necesario ver a relación dos movementos e o poder. Ponderar a relación cos partidos políticos que renunciaron á política e politizar a acción social.

Algunhas das chaves son:

1. Formularnos construír contrapoderes paralelos, imprescindibles en calquera proceso transformador. Nese senso, o traballo coas institucións transfórmase en incidencia directa e sen posibilidade de absorción.

2. Políticas de alianza coa sociedade civil, entendendo que a maioría social nunha sociedade desestruturada como na que vivimos está sen organizar.

3. Política de alianzas coas forzas políticas "de reforma" pero tendo como eixo que son elas as que están ao servizo da nosa estratexia (entender os partidos como meros elementos tácticos).

4. Reorientar, na mesma liña, o concepto de incidencia institucional, partindo de que calquera das campañas de presión colectivas ten unha incidencia relativa na medida en que existen contrapresións mediáticas e de empresas máis poderosas. Reinventar a acción non violenta, a desobediencia civil e a insubmión ás políticas perxudiciais

Estamos inmersos nunha crise global sen precedentes. Na nosa man está buscar os mecanismos para que ela non sirva para fortalecer políticas económicas desiguais e inxustas. Mentres os líderes mundiais pretenden refundar o capitalismo, o movemento antiglobalización, reunido a finais de xaneiro en Belém de Pará, debe abordar o calendario e os instrumentos para converter o 2009 nun ano de acción global contra o capitalismo con resultados efectivos e non só efectistas.

Aínda estamos a tempo de mudar as cousas e salvar o planeta. O infarto financeiro do sistema adiantouse ao infarto ecolóxico. Por agora estamos a salvo, pero non debemos esquecer que o capitalismo global non só é un sistema homicida senón tamén suicida.

Foro Social Galego en Belém

Paradoxalmente, como case sempre, houbo que esperar a finais de 2008 para celebrar o I Foro Social Galego. Isto pode ser entendido como que os galegos chegamos tarde aos novos tempos ou, e prefiro pensar isto, que chegamos despois dun proceso de madurez, incorporámonos con máis forza e ademais facémolo no momento máis interesante. Os máis de 80 colectivos adheridos e os varios centenares de persoas que seguiron os debates que se celebraron na cita do 5, 6 e 7 de decembro en Compostela amosan unha importante madurez do movemento asociativo altermundista galego.

Galicia estará presente no Foro Social Mundial pero non só o fará para presentar as súas reivindicacións identitarias senón, e isto debe ser o inicio dun novo xeito de entender o carácter nacional, achegando iniciativas e elaboracións intelectuais desde o ámbito local para o necesario cambio global. ●

SOBRE O AUTOR

Xoán Hermida (1965). Licenciado en Historia Contemporánea. Estivo ligado a diversos movementos sociais, coma os Comités anti-Otan ou os CAF. Foi membro do Consello Confederal da CXTG, Secretario de Organización de Esquerda de Galicia e Coordinador do Grupo Parlamentar Mixto entre 1997 e 1999. Director da ONG Amarante de 1999 a 2007.







O primeiro Foro Social Galego evidenciou que as ansias de procura dun modelo alternativo ao neoliberal, ou simplemente capitalista, medran de xeito inversamente proporcional á crise dun sistema que os movementos sociais consideran más que nocivo para o planeta e a humanidade, como o altermundismo leva denunciando na última década. A asistencia aos debates foi moito maior da esperada e o ambiente construtivo e con desexos de artellar alternativas sociais á desfeita político-económica unha contante. Na foto superior, Lidia Senra, do Sindicato Labrego Galego, intervindo durante o acto inaugural. No medio, o público enchendo a Sala Mozart do Auditorio durante un plenario sobre perspectivas do altermundismo. Embaixo, dúas asistentes consultando o programa do Foro. ● **Fotos: X. M. Albán (FSGal)**



PAUL NICHOLSON Membro do sindicato agrario vasco EHNE e de Vía Campesina

"O campesiñado é o último bastión contra a mercantilización da vida"



IMANOL DORCA
Subdirector de Altermundo

PERFIL

Paul Nicholson. Vasco e labrego. Afiliado ao sindicato agrario euscaldún EHNE –suma de catro sindicatos provinciais federais: EHNE de Bizkaia, Gipuzkoa e Nafarroa, e UAGA de Alava– e membro de Vía Campesina, organización na que formou parte do comite internacional de coordinación até a pasada conferencia de Maputo, en outubro deste 2008.

PAUL NICHOLSON FOI INVITADO POLO CONSELLO DO FORO SOCIAL GALEGO A DICIR UNHAS PALABRAS NA INAUGURACIÓN DO EVENTO NUN CLARO COMPROMISO DOS MOVEMENTOS SOCIAIS GALEGOS COA LOITA LABREGA E A SOBERANÍA ALIMENTAR

Labrego e activista. Paul Nicholson garda unha experiencia de loita social envidiábel. Estivo presente até agora en todos os foros sociais mundiais, así como nas grandes protestas dos campesiños do mundo contra a Organización Mundial do Comercio (OMC), entre elas a xa mítica de Seattle, a de Cancún, en Hong Kong e tamén en mil e unha das xuntanzas que esa institución internacional, considerada a grande inimiga dos labregos e labregas do planeta, fai en Xenebra. Para el é un sarcasmo e un cinismo que as institucións que orixinaron as crises alimentar, climática e financeira sexan agora as que queren levar as rendas dunha refundación do capitalismo. "Hai que enterrar ao FMI, ao Banco Mundial e á OMC, pois non son a solución, senón parte do problema", conclúe.

Cal é a túa valoración do primeiro FSGal?
Moi boa. É moi complicado desenvolver un foro con toda a súa horizontalidade e inclusividade. Eu tiven unha moi positiva impresión porque había claramente un espazo social moi amplo. Foi moi oportuno polo momento, é dicir, en plena crise financeira e do capitalismo e esta reflexión fai moita falta a nivel local. Despois, os temas estaban moi ben traballados. Eu estiven especialmente no da soberanía alimentaria e, claramente, eran propostas alternativas ao modelo neoliberal que van encaixando desde unha perspectiva de alianzas do mundo rural e urbano. Eu quedei realmente contento.

Foi significativo que foras o único invitado polo consello do foro ao acto de presentación: un labrego. A presenza labrega nos foros e na sociedade antóllase fundamental.
Si, curiosamente. E digo curiosamente porque historicamente non foi así e se ten desprestixiado moito o mundo rural e as propostas que saen del. E hoxe é do mundo rural de onde están a saír as resistencias e as propostas máis claras sobre a alimentación e a agricultura. É lóxico reflexo tamén da existencia na Galiza dunha organización labrega que ten unha visión aberta, social e non corporativista, e iso facilita esa realidade.

Falemos da Vía Campesina. É unha organización con máis de 200 millóns de pequenos labregos que defenden un novo modelo de agricultura e relacións comerciais. Imos cara un mundo onde a agricultura ten cada vez menos importancia? Búscase o exterminio da agricultura tradicional?
Si. É probábelmente o último bastión contra a mercantilización da vida. Somos a metade da poboación mundial (xunto aos pescadores) e aínda se resiste fronte ao control das multinacionais. Polo tanto, si, é un conflito directo entre un modelo labrego, un modelo moi local, contra un modelo globalizado e mercantilista.

Tal e como están as cousas, mercar no mercado local é un acto político.
É unha opción política, desde o colectivo e desde o local. Comer é un acto político, e esa expresión dáse no día a día, nos hábitos persoais. E, abofé que si, a defensa dunha economía local, a defensa dunha rede cultural e social local é parte fundamental da loita contra o modelo neoliberal, contra un modelo competitivo e que, ademais, é parte da estratexia de facer da persoa un suxeito de decisión e non de interese mercantil. A loita pola convivencia local, social non é simplemente unha importante reivindicación… é parte fundamental da nosa alternativa.

Ademais de propostas, Vía Campesina ten un moi poderoso campo de acción, que toma parte activa en moitos campos. Unha delegación de Vía Campesina, da que ti formabas parte, actuou como escudo humano no sitio e ataque a Arafat en Ramala no 2002.
Vía Campesina é un movemento que parte das loitas e resistencias locais que constrúe, empezando desde abaixo, unha serie de propostas. O eixo da solidariedade é para nós fundamental, unha solidariedade desde unha visión política. Vía Campesina envía regularmente a lugares moi específicos delegacións de investigación. Fomos a Palestina, á India, a Bolivia, a diferentes partes do cono Sur de África. Apoiamos a eses movementos e organizacións labregas que están nunha loita e a maior parte das veces dun xeito bastante anónimo. A loita dos Sen Terra en África é tremenda, ou a cuestión dos suicidios na India (150.000 suicidios recoñecidos polo parlamento indio nos últimos anos)…, son situacións dramáticas que non dan chegado aos medios de comunicación. Ese apoio é necesario, e ademais, ampliar e difundir esa información.

X. M. ALBÁN / FSGAL



Paul Nicholson departindo con Xosé Manuel Beiras durante o Foro Social Galego

Por que hai tanta dificultade en facer chegar a mensaxe?
Bon, obviamente os medios de información e comunicación son un instrumento do capitalismo. O control sobre a información é moi obvio a todos os níveis: local, nacional e internacional. Iso supón uns condicionamentos enormes. Dunha banda, estamos movementos na procura doutros medios de comunicación máis da man dos movementos sociais. Hai iniciativas valiosas: penso sobre todo nas radios comunitarias, pero tamén estáse a traballar arreo en medios online. Unha das necesidades máis acuciantes durante os vindeiros anos é a de construír unha proposta desde os movementos para poder contar a realidade do que está a pasar no mundo e así dar unha imaxe máis veraz, máis real, que xere máis esperanza. Temos que decatarnos de que estamos moitos nesta loita e que estamos coincidindo nas nosas estratexias de alianzas.

A declaración de Maputo realza a proposta da soberanía alimentar contra a crise de seguridade humana global, que é a conxunción de todas as crises.
É que é unha crise sistémica, unha crise do capitalismo e non hai cartos no mundo que, aínda que as promesas foran certas, resolvan esta crise. Fronte a crise alimentaria, cartos, máis comercio libre e máis tecnoloxía. Fronte á crise enerxética, moitas palabras e moito diñeiro. Fronte á crise financieira, o mesmo. É obvio que non hai marcha atrás… e aí está a loita. Hai unha confrontación entre un modelo ligado ás transnacionais (con outra fase do capitalismo) fronte a outras propostas que xorden desde o local e que din que a soberanía alimentar, por exemplo, debe ser o eixo sobre o que desenvolver as políticas, non só alimentarias e agrarias, senón do comercio, etc.


Na mesma declaración, incídese no feito de que as empresas multinacionais e financeiras son uns dos inimigos comúns máis importantes. Chegou o tempo de ser máis contundentes na denuncia dos destrutores da terra?
Si, non cabe dúbida de que hai transnacionais especialmente daniñas, mais antes cómpre unha reflexión sobre a estratexia perante as transnacionais. Aquí hai dúas cuestións: unha é o control político que teñen as transnacionais sobre a toma de decisións políticas, como interviron en todos os campos de decisión política, tanto nacional como internacional, como foron quen de corromper todo un proceso de decisións políticas. Outra loita é en canto á monopolización da economía por parte das transnacionais. Especificamente hai transnacionais (Syngenta, Monsanto, Cargill, Nestlé…) que controlan partes enteiras da cadea alimentaria, desde os procesos de produción na leira até o prato do consumidor. Esta monopolización ten enormes consecuencias para toda a sociedade.

Dicíanos Lidia Senra, do SLG, que sen soberanía alimentaria é imposíbel a soberanía política.
Efectivamente, o modelo social do capitalismo erosiona continuamente a soberanía política e social dos pobos e dos cidadáns. Cada vez máis entendemos que non só estamos a falar da soberanía política, senón de termos políticos moito máis amplos, da soberanía dos pobos. O sentido da independencia no marco da globalización neoliberal é moi confuso, porque non falamos só das bandeiras, senón da soberanía dos propios cidadáns. Como di a propia Vía Campesina, globalicemos a loita, globalicemos a esperanza. •



COLOMBIA NO LABIRINTO DO CONFLITO ARMADO

O avogado Waldir Sinisterra afirma que detrás da violencia en Colombia está a política guerreira de Álvaro Uribe



SONIA DÍAZ
Equipo de Comunicación de Amnistía Internacional en Galicia

Amnistía Internacional (AI) vén de presentar o informe *Colombia: "Déjennos en paz!" La población civil, víctima del conflicto armado interno*, no que denuncia que máis de 70.000 persoas, a maioría civís, morreron nos últimos 20 anos de conflito armado. En Colombia continúan activos principalmente dous grupos guerrilleiros: as Fuerzas Armadas Revolucionarias de Colombia (FARC) e o Ejército de Liberación Nacional (ELN), menos numeroso. AI advirte que ambos grupos cometeron un gran número de abusos contra os dereitos humanos e de violacións do dereito internacional humanitario nos últimos anos, pero engade que os grupos paramilitares que seguen activos en varias partes do país, a pesares do proceso de desmobilización auspiciado polo goberno, supoñen un sufrimento extraordinario para a poboación civil.

PRIVATE



Nenos da comunidade de paz San José de Apartadó, Colombia. En marzo de 1997 a comunidade declarouse unha comunidade de paz e esixiu que todas as partes do conflito respecten as vidas da poboación civil e o seu dereito a non formar parte do dito conflito.

Seguridade Democrática

Só en 2007, houbo en Colombia uns 1.400 homicidios de civís. O avogado Waldir Sinisterra –que tivo que saír do país como tantos outros defensores dos Dereitos Humanos, vítimas de intentos de secuestro e de ameazas de morte, e que hogano vive en España coa súa familia– culpa desta situación a que "as políticas gobernamentais non queren aceptar que Colombia ten un conflito armado". Sinisterra refírese, máis ca nada, á política de "Seguridad Democrática", coa que o goberno propón "un papel máis activo da sociedade colombiana dentro da loita do Estado e dos seus órganos de seguridade perante a ameaza de grupos insurxentes e doutros grupos armados ilegais". Este "papel máis activo" tradúcese no establecemento dunha rede de delatores aos que se lles paga por sinalar aquelas persoas que poden estar relacionadas coa guerrilla.

Outro método empregado nesta "loita de Estado" é o establecemento de cotas aos comandantes de batallón para que dean "baixas" na guerrilla. Sinisterra lembra que "en Colombia non existe a pena de morte, senón algo moito peor, un exército que lles esixe aos seus soldados un número determinado de baixas". Esta política de cota de baixas desencadeou os coñecidos como "falsos positivos". "O exército esíxelles aos seus comandantes unhas baixas ao mes", explica o avogado, "e, se non as teñen, abordan a indixentes, drogadictos ou adolescentes das zonas desfavorecidas e ofrécenlles traballo legal ou ilegal. Desaparecen e, un par de días máis tarde, reaparecen mortos noutra rexión do país, identificados xa como guerrilleiros".

Homicidios, desaparicións e secuestros

Efectivamente, o informe de AI documenta que en 2007 as forzas de seguridade foron responsábeis da maioría dos homicidios de 330 civís. Mentres que os paramilitares foron responsábeis da morte de 300 persoas, os grupos guerrilleiros de aproximadamente 260 e unhas 500 non puideron atribuírse a ningún grupo. Estas cifras fan tanxíbel o sufrimento da sociedade colombiana, afeita a asasinatos e desaparicións. Segundo recolle *Déjennos en paz!*, dende o comezo do conflito armado desapareceron en Colombia entre 15.000 e 30.000 persoas. O ano pasado, polo menos 190 persoas foron vítimas de desaparición forzada a mans das forzas de seguridade e dos paramilitares ou están en paradoiro descoñecido despois de ser secuestradas polos grupos guerrilleiros.

> "EN COLOMBIA NON EXISTE A PENA DE MORTE, SENÓN ALGO MOITO PEOR, UN EXÉRCITO QUE LLE ESIXE AOS SEUS SOLDADOS UN NÚMERO DETERMINADO DE BAIXAS"

Sinisterra lamenta que "a realidade colombiana en España non se coñece moito, os medios falan de Álvaro Uribe como o mesías salvador do país e esconde que o investimento en educación e en sanidade é mínimo, que se cambiou pola seguridade para as grandes empresas multinacionais." Porén, os secuestros son das poucas arestas do conflito que reflicten os nosos medios. Nos últimos dez anos, máis de 20.000 persoas foron secuestradas ou tomadas como reféns. O número descendeu nos últimos anos, pasando dos 3.570 de 2000 a pouco máis de 520 en 2007. Un triunfo que o goberno rendibiliza perante os medios nacionais e internacionais. Os secuestros centran a información que chega dende o conflito colombiano e, no entanto, non sabemos que destes 520 secuestros, as FARC cometeron uns 120 e o ELN uns 27. A metade dos secuestros atribuíronse, en realidade, á "delincuencia común" e outros 126 non puideron atribuírse a ningún grupo. O verdadeiro problema de Colombia é, advirte Waldir, "o clima de caos que vive un país golpeado pola corrupción, pola impunidade, por unha xustiza permeada polo narcotráfico e polas vinculacións cos paramilitares".

Impunidade

Sinisterra sabe do que fala porque o conta en primeira persoa. Avogado defensor de campesiños expulsados das súas terras no Val do Cauca, tivo que abandonar o país presionado polas ameazas a el e a súa familia. AI asegura que nos últimos 20 anos entre tres e catro millóns de persoas foron obrigadas a abandonar os seus fogares e Sinisterra explica que esa dinámica só beneficia aos narcotraficantes e ás grandes fortunas do país, pero que é moi compricado loitar contra ela porque "o avogado que defende aos campesiños aos que se quere desposuír das súas terras de contado é estigmatizado como avogado da guerrilla". El sufriu este estigma e sufriu tamén "a impotencia de ver como os responsábeis de masacres terríbeis eran xulgados e condenados a penas risíbeis".

AI documenta no seu informe que arredor do 10 por cento dos máis de 31.000 paramilitares que, segundo se di, foron desmobilizados puideron acollerse ao proceso de *Justicia y Paz*, que lles concede beneficios xudiciais a cambio de confesións sobre a súa participación en violacións de dereitos humanos. Un 90 por cento destes paramilitares desmobilizados beneficiáronse de amnistías de facto. Sinisterra quéixase amargamente por este proceso que, na súa opinión, foi "unha burla para as vítimas". "A verdade do que pasou en Colombia nunca a saberemos", asegura, "porque o goberno opúxose a que a coñeceramos".

Hai 50 anos que naceu a guerrilla colombiana. Nun principio, defendía ideais de xustiza social que, co tempo, foron permeados polo narcotráfico, igual que o resto da sociedade colombiana. "Mentres non acabe o narcotráfico", asegura Sinisterra, "non acabará esta violencia". "E non hai vontade política para acabala, porque lexisla o narcotraficante, o que se aproveita do narcotráfico", conclúe. En efecto, AI advirte que no intre de redactar o seu informe máis de 60 congresistas (a maioría, membros da coalición gobernante do presidente Álvaro Uribe no Congreso) estaban sendo procesados formalmente ou eran obxecto de investigacións preliminares da Corte Suprema de Xustiza por supostas vinculacións cos grupos paramilitares. ●

CARLOS TABARES Coordinador de Novos Contidos da televisión estatal venezolana 'ViVe'

"Os gobernos deben axudar á creación de medios feitos pola cidadanía"



MANOEL SANTOS
Director de Altermundo

As continuas alusións que os medios de comunicación –pseudopúblicos e privados– do Norte global fan á falta de liberdade de expresión, ou mellor, á ausencia de liberdade de prensa na República Bolivariana de Venezuela, non deixan de abraiar e mesmo indignar a quen coñece o virtual pero vivo e activo mundo da comunicación alternativa e que, xa que logo, recibe información da outra parte.

Esa outra parte é a cidadanía, á que durante décadas se lle negou a voz por parte dos poderes políticos e económicos, que concentraron á mantenta os medios de comunicación nunhas poucas de mans. Deste xeito, as informacións xeradas polos grandes grupos de comunicación, que funcionan as máis das veces como arietes da globalización e voceiros dos poderes políticos, son rebatidas a miúdo con brillantez por unha boa cantidade de medios alternativos que cada día se espallan máis polo planeta.

Neste eido, dende 2002, logo do golpe de Estado mediático que tirou a Chávez do liderado do país dous días, en Venezuela existe un Regulamento de Medios Comunitarios que permite ás comunidades, á xente, acceder aos medios –materiais e económicos–, para crear as súas propias canles de comunicación. Contrariamente ao que se di, Venezuela ten hoxe un exemplo de democratización da comunicación da que aquí, na suposta terra da liberdade, estamos aínda a anos luz. ViVe TV, como outras experiencias máis coñecidas como Catia TV ou Aporrea.org, cuxos piares están soportados en grande medida por xornalistas criados nos medios comunitarios, é un claro exemplo disto. De aí a conversa con Carlos Tabares, que nos trouxo a versión desoutro lado, a que nunca nos contan.

PERFIL

Carlos Eduardo Tabares Rivero (Caracas, 10/01/1974): é Licenciado en Artes Cinematográficas pola Universidade Central de Venezuela (2006). Desempeñouse como director de programación da Fundación Cinemateca Nacional de Venezuela e xefe de programación de Telesur e Venezolana de Televisión. Exerceu a crítica cinematográfica na revista *Encuadre*. Membro do comité de selección do *3º Festival Internacional de Documentais Amazonia 2007*. Membro do comité de asesores para festivais de cine da distribuidora estatal *Amazonia Films*. Xurado no *Festival Internacional de Documentais "Contra el silencio todas las voces"*, México, 2008. Xurado do *Festival Internacional de Cine Pobre de Gibara*, Cuba, 2008. Actualmente exerce como Coordinador de Novos Contidos da canle educativa e cultural ViVe.

CARLOS TABARES ESTIVO NA GALIZA INVITADO POLO CLUB INTERNACIONAL DE PRENSA. AFIRMA QUE VENEZUELA ATREVEUSE A SOÑAR UN MUNDO NON DICTADO POLO PENSAMENTO ÚNICO, COMEZANDO UN CAMBIO HISTÓRICO BASEADO NA LOITA POR LOGRAR A SUPERVIVENCIA DO POBO E A UNIDADE DAS AMÉRICAS. NESTA LOITA, OS MEDIOS ALTERNATIVOS SON ESENCIAIS, E DISO FALAMOS CON EL



Que importancia tiveron os medios, e nomeadamente os comunitarios, no golpe de Estado de abril de 2002 contra o goberno de Hugo Chávez?
Todo o que é hoxe o panorama dos medios comunitarios e alternativos en Venezuela xorde dunha necesidade e dun poder do que nos decatamos o 11 de abril de 2002. Daquela, Venezuela decatouse de que os medios son un poder dabondo organizado e capaz de derrocar un goberno lexitimamente constituído. Xa está demostrado que o daquel día foi un golpe mediático. Calcularan cantos mortos ía haber e tiñan gravacións de antemán por parte de militares insurrectos para contar iso a través das emisións nacionais. Quixeron facer crer ao mundo que se estaba a perpetrar unha matanza por parte dos partidarios de Chávez, cando foran eles quen apostaran francotiradores.

No eido internacional a montaxe foi bastante críbel.
Si. Con todo isto conseguiron xustificar o golpe, e Chávez finalmente decide, polo ben da colectividade, non renunciar, mais si entregarse aos golpistas á espera dunha solución pacífica. Aí empeza o efémero mandato de Carmona, que foi breve porque a xente comezou a se organizar. A través do boca a boca e dos poucos medios alternativos e comunitarios, radios e televisoras que como Catia TV, conseguiron informar ás masas e estas saíron ás rúas para devolver a Chávez ao poder. O 13 de abril regresa o presidente e facendo balance do que nos acontecera xorde a necesidade de crear unha rede de comunicación alternativa para non depender só dunha canle –a canle 8, a do Estado– que foi a primeira en caer no golpe. Foi xente destes medios independentes quen, precariamente, conseguiron volver a emitir pola canle 8 o 13 de abril para dar conta ao resto do país de que o goberno estaba recuperado.

Os medios privados son maioría?
Efectivamente. Controlan o 80 por cento do espectro radioeléctrico venezolano. Hoxe segue a haber un enorme desbalance entre os medios que están en mans privadas e os que están en mans do pobo, pese a que conseguíramos recuperar, por exemplo, o sinal da canle 2, que antes estaba en mans da RCTV, ao caducarlle a concesión e que asignáramos algunhas frecuencias da UHF e da VHF a emisoras comunitarias, parroquiais, rexionais, etc. De aí xorde este movemento, porque a xente decatouse de que calquera é quen de xerar un discurso audiovisual, de usar os medios xa non só como medio de consumo e de lecer, senón como unha ferramenta de cohesión e de loita.

A partir dese intre aparece tamén un regulamento de medios comunitarios e alternativos, non si?
Hai unha eclosión deste tipo de medios e entón xurdiu tamén a necesidade de regulamentar, sobre todo para facer que o uso deses medios sexa o máis democrático e aberto posíbel, o máis variado posíbel, pero que exista unha orde que non permita que esa estrutura sexa devorada polo caos propio da vertixe que supón o mundo da comunicación.

Tendes unha idea de como é ese espectro de medios?
É un número crecente, pero entre radios comunitarias e televisoras comunitarias en todo o país estamos preto dun cento.
E estes medios comunitarios poden acceder a axudas públicas como sempre fixeron os grandes grupos privados?
Exactamente. O goberno, a través do Ministerio de Comunicación e Información, creou toda unha serie de incentivos que teñen no seu seo un apartado específico para os medios comunitarios. Mais non só se lles dá a autorización para operar nunha frecuencia determinada, senón que se dota ás emisoras comunitarias da plataforma tecnolóxica para que transmitan e se lles subministra tamén o adestramento ás persoas que alí traballan.

Vaia, que estades creando "profesionais" do audiovisual.
E non é difícil. Agora unha das grandes vantaxes dos avances no audiovisual é que calquera, cunha cámara cativa –das de voda e aniversarios– e unha computadora normaliña é quen de producir un discurso audiovisual suficientemente coherente e cunha mínima calidade técnica para transmitir. Hai uns anos un proxecto como o das televisoras comunitarias e alternativas sería imposíbel e agora incluso temos quen xa está a facer comunicación comunitaria con teléfonos portátiles. O apoio do Estado na formación reflíctese por exemplo na canle onde eu traballo.

ViVe naceu tamén coa ollada posta nos medios comunitarios, non é?
Nace en novembro de 2003. Tratouse



de facer unha televisión consecuente co que eran esas emisoras comunitarias, pero que tivera unha infraestrutura para alcanzar a nivel nacional.

E en que se centra a emisión de ViVe?
ViVe nace baixo a necesidade de visibilizar a todas as persoas que tradicionalmente foron invisíbeis para os medios de comunicación tradicionais. Durante os 50 anos de desenvolvemento da televisión no país, a meirande parte de emisoras se radicaron en Caracas e se lle fixo crer ao país e ao mundo que Caracas era Venezuela, que o caraqueño era o venezolano e que como fala o caraqueño falan os venezolanos. Dentro disto, que xa era unha perspectiva dabondo excluínte, tiñamos que sumar que os que saían na televisión eran o modelo tomado da televisión anglosaxona, cos seus patróns de beleza e os seus discursos, como acontece nas telenovelas ou nos consursos de beleza. As clases máis baixas da sociedade, que nos anos 70 e 80 chegamos a categorías como "pobreza extrema" e "pobreza crítica", non aparecían na televisión como non fora apor mor dunha traxedia. E o resto do país non era máis cunha postal turística. Moita xente só saía por unha comida, un baile ou unha celebración, pero é como se non fixeran vida, como se non formaran parte do desenvolvemento social e político do país. ViVe proponse xa que logo visibilizar a toda esa xente, que é maioría, e os nosos programas danlle preferencia aos colectivos indíxenas, aos obreiros, aos campesiños, á muller de verdade, etc. Nós comezamos a loita pola reivindicación dos afrodescendentes, das persoas con discapacidade e outros tantos colectivos. Fomos a primeira canle en incluír a linguaxe de signos en todos os seus informativos e programas de opinión e logo isto converteuse en lei.

Tendes tamén programas específicos para colectivos determinados?
Si. Temos por exemplo un informativo semanal para o colectivo obreiro, outro para os indíxenas… E non se trata de visións documentalistas ou sociolóxicas onde un rapaz branco caraqueño viaxa a unha comunidade de indios panare cunha cámara a retratar a realidade como el a ve e mandala ao país. Nós levamos unha plataforma tecnolóxica a esa terra panare, ensinámoslles para que sirve e permitimos e promovemos que eles xeren o seu propio discurso. Que conten o que queiran contar e como o queiran contar.


Existen moitos medios comunitarios nas poboacións indíxenas?
Existe por exemplo un caso moi exitoso que é o de Selva TV, na rexión sur de Venezuela, que é onde están a meirande parte dos pobos orixinarios do país. Selva TV serviu para visibilizar esas comunidades que non só estiveron excluídas do imaxinario audiovisual, senón ademais abandonadas antes da Revolución.

Pero ViVe, que ten cobertura nacional, saca á luz contidos desas canles?
Efectivamente. Temos unha franxa en programación que é para todas as televisións comunitarias do país. Estas emisoras producen os seus contidos, envíanolos e nos sacámolos a todo o territorio. Deste xeito un contido producido por Selva TV pode ser visto no Zulia e un contido producido na península da Guajira polos indios Wayúu pode ser visto pola xente de Selva TV a través do sinal de ViVe. Este é un dos labores fundamentais, á parte de que tamén producimos a nosa propia programación.

EN 2002 DECATÁMONOS DE QUE DENDE OS MEDIOS ERA POSÍBEL DERROCAR UN GOBERNO



O DEREITO A EXPRESARSE E A INFORMARSE SON DEREITOS HUMANOS RECOÑECIDOS



CONTRA VENEZUELA EXISTE UNHA GUERRA FRÍA MEDIÁTICA ARREPIANTE E INXUSTA

LUIGINO BRACCI ROA



Falabas tamén de formación.
Porque ViVe foi concibida como unha canle-escola, que instrúe e ensina o uso dos medios de comunicación. En ViVe Caracas somos case 600 persoas e a meirande parte non tiñan ningunha experiencia no audiovisual antes de traballar aquí, tan só a inquietude de se expresar. Para nós e iso o que prima, a necesidade de expresión dun ser humano ou dun colectivo, non necesariamente a forma e calidade técnica das mensaxes. Iso ocasiononus loxicamente moitas críticas.

Dos medios hexemónicos supoño. Cal é a relación de ViVe con eses medios?
Os medios hexemónicos nunca perdoaran á Revolución e ao presidente Chávez que se compartira co pobo esa torta que eles sempre manexaron entre catro ou cinco. Nós xa vemos isto como un proxecto irreversíbel. A xente aprendeu que o espectro radioeléctrico é da súa propiedade e que ten dereito a expresarse a través del. Estes medios atentan contra ViVe e os medios comunitarios con argumentos como que a programación é aburrida, que a calidade da emisión é baixa ou que ninguén nos ve, botando man dos seus estudos de audiencia, que non son máis que procuras de nichos publicitarios. ViVe non emite publicidade, non temos cuñas de xampú con ese sentido capitalista.

E con ese panorama, que fala da democratización dos medios, que lle dirías á quen aquí di que en Venezuela non hai liberdade de expresión?
Primeiro que nós fomos quen de forxar unha conciencia política o suficientemente robusta para que a xente desconfíe de calquera cousa que digan os medios de comunicación, tanto públicos como privados. Ese é un grande avance. Os medios non son máis ca un discurso e todo discurso pode ser manipulado e responde a intereses particulares de quen o emite. Despois, estamos facendo que a xente esixa o seu dereito a expresarse, a protestar por ser excluído, por non ser considerado negocio para a televisión porque é moi feo, delgado, ou baixo. Iso é totalmente falso. O dereito a informarse e a expresarse é tamén un dereito humano. Se en España, igual que en Venezuela, o espectro radioeléctrico é propiedade do Estado, da xente, entón calquera cidadán ten o dereito de se expresar a través dos medios de comunicación. É fundamental coñecer ese dereito e exercelo.

Malia que non saibamos como facer comunicación de calidade?
Un dos argumentos esgrimidos por quen tratou de desestimular a creación de medios comunitarios e alternativos, ou de canles como ViVe, é aquilo de "ese programa está mal feito, está mal iluminado, mal encadrado, etc". Dixéronnos que son balbucidos da linguaxe audiovisual, e nós iso asumímolo con absoluta integridade, porque así é. Nós só levamos cinco anos ensinando a xente que non sabía nada da linguaxe audiovisual. Até Octavio Paz e Jorge Luis Borges aos cinco anos balbucían. Iso non quere dicir que estas persoas non sexan quen de elaborar discursos cada vez de meirande calidade, que nós temos moi en conta. O que nunca permitiremos é que por razóns estéticas se coarte o dereito de expresión da xente.

Dentro do regulamento de medios audiovisuais que papel xogan os medios de prensa ou de internet?
O que está máis difundido son radio e televisión. Tamén hai moitas publicacións independentes en internet, como Aporrea.org, que en poucos anos medrou dun xeito imprevisíbel. Amais de Aporrea tamén aconsello a quen queira ter a visión de Venezuela a web da Axencia Bolivariana de Noticias (ABN), sabendo que é un medio oficial. Aporrea é independente. Medios impresos hai tamén, pero precisamos máis. Os últimos datos falaban duns 160 medios impresos e que estaban activos 115 medios dixitais.

E onde atopamos a verdade sobre Venezuela?
Entre as informacións que chegan aquí e as que se poden obter de ABN ou Aporrea, seguro que a verdade está no medio, malia que non necesariamente equidistante. A realidade venezolana é demasiado complexa para que a poida transmitir un só medio.

Sodes conscientes de que a aquí os medios non son precisamente amigos do goberno venezolano?
Totalmente. Pensamos que estamos nunha guerra fría mediática arrepiante. A Revolución foi atacada dende que Chávez se lanzou en campaña en 1998. Esta guerra partiu primeiramente daquel macartismo, ou anticomunismo, daquela caza de bruxas propia dos 50 que emprendeu Estados Unidos e que hogano aínda conserva, por exemplo no caso cubano.

Sabedes que estades no centro das miradas planetarias?
Sabémolo. Antes da Revolución a Venezuela só se lle coñecía polos emigrantes. Sabíase que era un país exportador de petróleo, mais calquera podía pensar que estaba no Próximo Oriente. Hoxe non. Na miña viaxe a Galiza vin que en todos os medios están a falar de Venezuela e de Hugo Chávez. Se iso pasa nos medios capitalistas, se fan ese esforzo, quere dicir que algo debemos estar a facer ben.

Como vedes os procesos de Bolivia, Ecuador, Brasil, Arxentina…
Eu síntome afortunado de vivir a época que estamos a vivir. Vemos todos eses procesos con esperanza. Dende os anos 60 non se vía no mundo un proceso tan interesante. Isto vese en América Latina, pero seguro que se vas a África comeza a pasar o mesmo. Nós en Vive temos un espazo, o Noticiario do Sur, que se nutre de televisións comunitarias de todo o mundo, pero claro, especialmente de América Latina. Hai moitos destes medios en Arxentina ou Bolivia por exemplo. ●

A CANLE DE TELEVISIÓN VIVE



ViVe é un medio de comunicación do Estado venezolano, educativo, cultural e informativo que impulsa a democracia participativa e protagónica, a solidariedade e a integración latinoamericana desde un novo paradigma de comunicación en sintonía co novo modelo político, económico e social establecido na constitución da República Bolivariana de Venezuela. En ViVe, os protagonistas son os membros da comunidade, o cidadán común, os millóns de venezolanos e latinoamericanos invisíbeis para o imperialismo e os seus medios. **+INFO:** www.vive.gob.ve

CUBA, 50 ANOS

1 de xaneiro: medio século de Revolución

O 1 DE XANEIRO DE 1959 FIDEL CASTRO ENTRABA EN SANTIAGO DE CUBA E ANUNCIABA O TRIUNFO DA REVOLUCIÓN. COMEZABA ASÍ UN PROCESO QUE AXIÑA DERIVARÍA EN SOCIALISMO E QUE FARÍA DUNHA MIÚDA ILLA DO CARIBE UNHA REFERENCIA MUNDIAL NA RESISTENCIA AO CAPITALISMO E O IMPERIALISMO



Fidel Castro fala con Ernesto 'Che' Guevara en 1959, despois da vitoria da Revolución

Para Cuba e os millóns de simpatizantes que a súa Revolución mantén en todo o mundo, se cadra máis aínda dende que se está a dar ese proceso de "primavera latinoamericana" coa que Frei Betto bautizou as revolucións democrático-populares do cono sur, o ano 2009 era case un obxectivo dende había tempo. Celebrar 50 anos de revolución socialista nun mundo unipolar de capitalismo globalizado e guerra permanente parecía imposíbel, e máis se temos en conta que a efeméride prodúcese nunha pequena illa, de pouco máis de 11 millóns de habitantes, sen máis recursos naturais que os humanos e máis interese que o xeoestratéxico e os relativos ao ferido orgullo estadounidense, embargada economicamente dende hai 40 anos e cun goberno acosado polos países do Norte coma ningún outro na historia. Porén, Cuba e a súa Revoluciónresisten, e por algo será. Máis aló do que poida significar para uns e para outros o sistema cubano, pois ningún outro no planeta levanta tantas pasións e xenreiras, o certo é que foi produto dunha insurrección popular que cos anos foi adquirindo un arrecendo de romanticismo extraordinario, reflectido de xeito irrepetíbel polas fermosas e xa lendarias fotografías de Perfecto Romero, Liborio Noval ou Alberto Korda, entre outros. Dende o asalto ao cuartel de Moncada, o 26 de xullo de 1953, cada paso desa aventura revolucionaria foi ergueito pola historia á categoría de mito. Fidel e "La historia me absolverá", México e a travesía do Granma, Serra Maestra, a batalla de Santa Clara, a Caravana da Liberdade; Camilo Cienfuegos, Ernesto "Che" Guevara, Celia Sánchez, Juan Almeida, Haydée Santamaría, Fidel e Raúl…

Xaneiro de 2009 terá xa que logo unha celebración case diaria en Cuba, pois moitas son as datas sinaladas. O 1 de xaneiro de 1959 o comandante Fidel Castro entraba en Santiago, rendíndose Moncada seis anos despois do primeiro intento. O día 2 Camilo Cienfuegos e a súa columna ocupaban a Habana. O Che faríao ao día seguinte e Fidel o día 8, para dirixirse dende o campamento de Columbia ao pobo… Así até hoxe. As celebracións non só serán na illa caribeña. En medio mundo daranse actos de solidariedade non dos gobernos –salvo excepcións–, senón de cidadáns. Será porque, como dixo Fidel "unha Revolución non é senón unha gran batalla entre os intereses do pobo e os intereses contrarios ao pobo". ●

+INFO: www.prensa-latina.cu | aniversario50.cubava.cu | www.granma.cu

XANEIRO, MES DE FORO MUNDIAL

Desde Porto Alegre 2001, nas mesmas datas ou en datas achegadas ao Foro Social Mundial, que se celebra en 2009 na cidade amazónica de Belém (Brasil) entre o 27 de xaneiro e o 1 de febreiro, son realizados diversos foros temáticos. Eses eventos posúen dinámicas, organizacións e metodoloxías autónomas. En Belém están previstos varios deses encontros e espérase a chegada de máis de 100.000 persoas.

TINARA BECKER



FAL E FALA

Belém, 30 e 31 de xaneiro. A I Asemblea do Fórum de Autoridades Locais da Amazônia (FALA) e a VIII Asemblea do Fórum de Autoridades Locais (FAL). Espazo de articulación entre representantes de gobernos locais de todo o mundo cos movementos sociais. **+INFO:** www.falfala.org

VI FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN

En Belém, os días 26 e 27 de xaneiro. Realízase para a construción de redes de persoas, organizacións e movementos sociais para confirmar a educación pública para todos e todas como dereito social inalienábel, garantida e financiada polo Estado e nunca reducida á condición de mercadoría e servizo. **+INFO:** www.forummundialeducacao.org

V FORO MUNDIAL DE XUÍCES

En Belém, do 23 ao 25 de xaneiro de 2009. O evento trae como tema central "Xudiciario, Medio Ambiente e Dereitos Humanos", e ten o obxectivo de promover a unión dos países por un sistema xudicial democrático e preocupado coa inclusión social. **+INFO:** www.forumjuizes.org

VI FORO PARLAMENTAR MUNDIAL

Días 28 a 30 de xaneiro tamén na capital paraense, coas temáticas: presente e futuro da Amazonia, procesos de integración rexional, institucionalidade democrática da integración, parlamentos rexionais e migracións. **+INFO:** secretaria@forosaopaulo.org.br

III FORO MUNDIAL DE TEOLOXÍA E LIBERACIÓN

Do 21 ao 25 de xaneiro en Belém. Na programación, cada día un continente fará celebracións relixiosas seguidas de conferencias, debates e obradoiros, abordando diversos temas como: auga, terra e teoloxía, raza, etnia, xénero, economía solidaria. **+INFO:** www.wftl.org

FORO DE CIENCIA E DEMOCRACIA

Iniciativa creada por ONGs, Organizacións da Sociedade Civil (OSC), sindicatos e representantes da comunidade científica mundial. Será un espazo co obxectivo de estender os principios democráticos para os campos da ciencia e da tecnoloxía, e para apoiar novas iniciativas e novas formas de parcerias entre os movementos sociais, dos cidadáns, e o mundo da busca científica e tecnolóxica. **+INFO:** fsm-sciences.org

PRIMEIRO FORO MUNDIAL DOS MEDIOS LIBRES

En Belém os días 26 e 27 de xaneiro. Realízase por unha razón: non é posíbel loitar pola democratización económica e social do mundo sen erixir moitas voces dos máis diversos alcances, con influencia internacional capaz de se contrapor á fábrica forxadora de supostos consensos sociais que forman os grandes grupos de comunicación capitalistas. **+INFO:** forumdemidialivre.blogspot.com

V FORO SOCIAL PAN-AMAZÓNICO

Espazo horizontal de articulação, converxencias e alianzas dos pobos da Amazonia. A quinta edición será realizada no interior do Foro Social Mundial, o día 28 de xaneiro, data que será enteiramente dedicada a Pan-Amazonia, co tema "500 anos de resistencia, conquistas e perspectivas afro-indíxena e popular". **+INFO:** www.fsm2009amazonia.org.br



UN NOVO XEITO DE ENTENDER A COOPERACIÓN

Cooperación Galega pon en marcha programas a catro anos para desenvolver unha meirande eficacia na axuda



COOPERACIÓN GALEGA



Cooperación Galega vén de poñer en marcha un novo instrumento de cooperación, os programas de catro anos, co obxectivo de mellorar a calidade e o impacto da súa política de desenvolvemento. Esta nova fórmula, que reflicte un xeito distinto de entender a cooperación a longo prazo, fará que máis de 40.000 persoas melloren as súas oportunidades en África, O Caribe e América Central, grazas a programas que executarán catro ONGD galegas adxudicatarias.

O financiamento das iniciativas é de 2,7 millóns de euros. Ata o dagora os proxectos eran só dun ou dous anos, pero a maior duración destes programas permitirán traballar máis preto dos principios da Declaración de París sobre eficacia na axuda aos países máis empobrecidos. En síntese, estes principios establecen que os beneficiarios fagan propias as melloras acadadas, aliñando as accións coas políticas locais, harmonizando as actuacións e financiamentos dos donantes, e corresponsabilizándose todas as partes dunha xestión orientada a resultados.

NON SE PODE TRABALLAR EN COOPERACIÓN SEN FACELO CUN SOCIO LOCAL QUE COÑEZA BEN A REALIDADE DA ZONA

Os novos programas seguen as prioridades fixadas no Plan Director da Cooperación Galega, aprobadas por unanimidade no Parlamento de Galicia. Moi en particular, as condicións de axudar ao países máis empobrecidos, en África en América Central; de loitar contra as enfermidades prevalentes, coma é o SIDA, seguindo os Obxectivo do Milenio; e mais apoiar sobre todo o desenvolvemento das mulleres e dos máis cativos.

José Luis Presedo, presidente de Entreculturas, unha das adxudicatarias, teno moi claro: "Paréceme un acerto, porque esta nova ferramenta producirá efectos sostibles e conseguirá un maior seguimento. A propia concepción do programa permite unha visión distinta do que debe ser a cooperación, xa que nun ano non se poden facer grandes cousas e con perspectiva. A limitación do tempo, limita á súa vez a eficiencia. Agora no terceiro ano xa poderemos ver os froitos do feito no primeiro, algo que antes non ocorría".

Cristina Otero, de Mozos do Terceiro Mundo, coincide nesta idea e remarca que os proxectos de un ou dous anos "daban para facer moi pouco, cubrir unha necesidade en concreto para un pequeno grupo de beneficiarios; sen embargo, os programas de catro anos permítennos construír unha escola, poñer en marcha a infraestrutura que esta necesita, formar ao profesorado e implicar aos alumnos".

Pola súa parte, Mónica Pereira, da Asemblea de Cooperación pola Paz, espera que estas convocatorias sexan prioritarias de agora en diante e logren un impacto maior nas rexións nas que se levan a cabo. "É un salto cualitativo moi importante e é de salientar que unha cooperación tan nova chegara a ter en tan pouco tempo unha ferramenta como esta. Permite fidelizar máis o traballo da contraparte, asentar os procesos e vincular á administración", asegura.

Ademais da importancia de contar con máis tempo para desenvolver os programas no país de destino, as ONGD fan fincapé na mellora cuantitativa que supón o incremento do financiamento. Son convocatorias nas que "se pon en xogo moito diñeiro", recoñece Cristina Otero.

O papel das contrapartes

O novo instrumento tamén repercutirá no xeito de entender á cooperación das contrapartes, organizacións locais que traballan man a man coas ONGD galegas. "Para nós son moi importantes porque eles saben cales son as necesidades locais", di Cristina Otero. "Non se pode traballar en cooperación sen facelo cun socio local, eles coñecen a realidade, son os que executan as accións e teñen que estar implicados, porque cando nós marchemos eles seguirán. Son o actor fundamental do desenvolvemento", engade Mónica Pereira. José Luis Presedo considera que este novo xeito de entender a cooperación en Galicia repercutirá nas contrapartes proporcionándolles máis garantías e perspectiva a medio e longo prazo. "Sen dúbida, axudaralles a ser máis ambiciosos á hora de alcanzar os obxectivos", resalta. ●

+ INFO: www.cooperaciongalega.org

CATRO PROGRAMAS EN ÁFRICA E AMÉRICA CENTRAL



FORMACIÓN PROFESIONAL EN HONDURAS E NICARAGUA. A Fundación Entreculturas levará a cabo un programa de formación profesional para 1.720 mozos e mozas en situación de vulnerabilidade, que fará especial énfase no desenvolvemento de competencias profesionais para a súa inserción no mercado laboral. A entidade ten solicitado un orzamento de 486.584 euros, que financia a Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia nun 100%.



EDUCACIÓN PRIMARIA EN ANGOLA. Mozos do Terceiro Mundo executará un programa de educación primaria que mellorará a calidade educativa dos 2.000 alumnos do Centro Dom Bosco, fillos e fillas de pescadores do barrio de Nosa Señora dos Navegantes. Construirase un módulo de escola, outro administrativo e biblioteca, ademais de subministrar material escolar e promocionar actividades extraescolares. Dos 792.603 euros un 81% achégao o Goberno galego.



MELLORA DAS CONDICIÓNS DAS MULLERES RURAIS EN GUINEA BISSAU. Nas rexións de Oio, Cacheu e Bafatá, a Asociación pola Paz e o Desenvolvemento axudará ás mulleres desas comunidades a xestionar dun xeito máis acaído os seus recursos naturais, de maneira sempre sustentable e rendible, axudando a mellorar as condicións de vida e alimentarias de máis de 14.000 persoas. Dos 830.347 euros solicitados no proxecto, Cooperación Galega financia o 85%.



PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA SIDA EN GUINEA BISSAU. Nas rexións de Quinara e Tombalí, Asemblea de Cooperación Pola Paz contribuirá na prevención, diagnose e tratamento da infección de VIH/SIDA de preto de 600.000 usuarios potenciais, ademais dos 24.135 usuarios directos do centro asistencial. Tamén servirá para facer campañas de sensibilización e cursos formativos. Solicitáronse 622.330 euros, que a comunidade galega financia nun 86%.



GERARDO HONTY

Cambio climático: e as solucións, para cando?

A conferencia gobernamental sobre cambio climático, celebrada en Poznan (Polonia) non pretendía chegar a acordos de fondo. Pero era un paso máis nun camiño de dous anos trazado no anterior encontro e que pretende concluír cun gran acordo sobre cambio climático, reformando o Protocolo de Quioto. Porén, o máis probábel é que se logre un acordo magro e inútil que lle dea continuidade ao magro e inútil Protocolo de Quioto.

Dende que se asinou en 1997 o Protocolo de Kyoto, sobre o cambio climático, sabíase que era absolutamente insuficiente para resolver os problemas do clima, pero tiña a virtude de iniciar un camiño. Existía a esperanza de que os acordos futuros fosen atopando os mecanismos para alcanzar as solucións efectivas. Con todo, o único que se aprendeu nestes anos é como a arte da negociación política pode ser tan eficiente para obter resultados tan infrutuosos.

Moitos temas están en discusión no acordo, varios deles de difícil dilucidación como a inclusión da enerxía nuclear, a captura e almacenamento de carbono ou a conservación de bosques como actividades para reducir emisións. Con todo, o eixe central da discusión é o mesmo dende que se asinou a Convención sobre o Cambio Climático no ano 1992: quen paga?

Evitar o cambio climático e mitigar os seus impactos require de trocos profundos na estrutura de produción, consumo e distribución da riqueza (ao interior e entre os países). Non se arranxa con eficiencia enerxética, avances tecnolóxicos e educación ambiental. Implica deixar de consumir carbón, petróleo e gas natural (que representan o 80% da enerxía que hogano se engole no planeta), renmatar coa deforestación (a maior causa de emisións en países como Brasil e Indonesia) e coas formas convencionais da agricultura (a máis importante fonte de emisións en América Latina).

Dende hai dez anos asistimos á mesma discusión: os países desenvolvidos non van asumir maiores compromisos de redución de emisións nin achegar os fondos necesarios para a súa adaptación, se os países en vías de desenvolvemento (polo menos os de maior PBI) non asumen os seus propios compromisos. Á súa vez, estes últimos sosteñen que non son responsábeis do cambio climático e se non lles transfiren recursos e tecnoloxías non están en capacidade de afrontar plans de redución de emisións. Quen paga? Este e ningún outro foi o asunto central en Poznan, como o foi en Quioto, nos anteriores encontros dos gobernos, e o será nos futuros. E como sempre será o motivo do novo fracaso.



As insuficientes esperanzas

Tres novidades acontecidas en Poznan renovaron as esperanzas de moitos actores e analistas. Estas son, o novo compromiso da Unión Europea (UE), a chegada de Barack Obama á Casa Branca e os compromisos voluntarios dalgunhas economías emerxentes: Brasil, China, India e México.

Mentres estaba rematando a xuntanza de Poznan, outro cume en Bruxelas pechaba un longo proceso de negociación interna na Unión Europea co acordo “20+20+20”: 20% de redución de emisións e 20% de enerxías renovábeis para 2020. Pola súa banda o eleito presidente Obama, a través do seu enviado a Poznan, John Kerry (a delegación oficial aínda está baixo as ordes de Bush), mandaba sinais de cambio na súa política climática internacional e existe unha grande expectativa no papel que Estados Unidos vai xogar nas negociacións ao longo de 2009.

A Unión Europea sostivo un liderado evidente en todos estes anos no referente ás súas políticas para enfrontar o cambio climático. E quizá sexa a única esperanza verdadeiramente fundamentada que se pode ter de cara a Copenhague. Pero resulta moi difícil aceptar que un país como Estados Unidos, que se dedicou sistematicamente durante unha década a minar todos os acordos sobre clima, vaia ter un xiro de 180 graos na súa política exterior sobre o tema, simplemente porque cambie o seu presidente. Máxime nun ano no que a crise económica vaille esixir a Obama recursos e compromisos co sector empresarial estadounidense que dificilmente poderán contemplar os custos da redución de emisións.

Dende os países en vías de desenvolvemento enviáronse algunhas mensaxes de cambio. Brasil, o mesmo día que comezaba a conferencia en Poznan, presentaba en Brasilia o seu “Plan Nacional de Cambio Climático”. Con todo, o documento (de 156 páxinas) non establece cronograma, nin metas, nin instrumentos, nin responsábeis das accións que promete. Pola súa banda México, que anunciou unha redución de 50% nas súas emisións para o 2050, deixou claro até onde chegará o seu compromiso: “Queremos reducir emisións até se hai inacción doutros. Para iso necesitamos axuda financeira e tecnoloxía. Pero temos prioridades como a pobreza e só aceptaremos obxectivos voluntarios, porque outros xa se desenvolveron emitindo CO_2”, afirmou o secretario de Ambiente mexicano, Juan Rafael Elvira.

En Poznan avanzouse pouco. Mais sobre todo quedou claro que os eixes centrais que atrancan os avances manténense incambiados. O sentido da urxencia e fondura dos cambios necesarios reclamado polo Panel Intergobernamental do Cambio Climático e repetido por todos os medios do planeta, non chegou aínda á mesa de negociacións. Se se analiza obxectivamente a historia da Convención sobre Cambio Climático non queda outra previsión posible para o próximo encontro, en Copenhague, máis que o fracaso. Non tanto o fracaso da falta dun acordo. Senón o fracaso dun acordo insípido, ineficaz, improductivo e inútil. ●

+ INFO: G. Honty é analista en temas de enerxía e cambio climático en CLAES (Centro Latino Americano de Ecoloxía Social). Artigo redactado para ALAI (alainet.org).

KALVELLIDO.NET



PROFESIÓN DE FUTURO


Biel ten os seus principios moi clariÑos. Camiña orgulloso sen renunciar a ningún deles e gústalle compartilos. No seu carné de identidade, di, de profesión escultor. Escultor de seres humanos. Anda cargado de maletas, focos, chapeus, pinturas, micrófonos e dados de cores montando o seu obradoiro ambulante en escolas, bibliotecas e centros de lecer para nenas e nenos. Dunha mochila recosida pode sacar un xogo da mariola para explicar a diferenza entre caridade e solidariedade, ou uns contos tibetanos sobre como nos estamos a comer o mundo.

Nunha enorme maleta de cartón dormen os seus anxos. Personiñas de cartón pedra, monstros de peluche que dan risa e os "galliminus" que ninguén sabe o que son. Biel senta ao seu redor ás nenas e nenos, esperta de xeito suave os seus anxos, préstalles as súas voces e a súa risa a cada un e entón monta historias para pensar, contos contados e cantados. Iso fai Biel, cantar e contar contos para levar a contraria.

Esa noite, Cristina, unha nena do público soña as historias de Biel, cos faraóns que habitaban illas tropicais e o pescador que pescou un peixe de ouro. Cando esperta xa sabe a quen quere parecerse. Será como o avó Nat, que loitou contra os invasores de bombín e traxe de explorador ou como o xigante Bau Xu que saíu a buscar o Sol? Quere ser como Biel. Para vivir a modiño e contra a corrente.

GUSTAVO DUCH GUILLOT
Director de Veterinarios Sen Fronteiras

EDUARDO GALEANO



Celebración da voz humana (1 e 4). Tirado de: *El libro de los abrazos* (Siglo XXI, 1989).

Os indios shuar, os chamados xíbaros, cortan a cabeza do vencido. Córtana e redúcena, até que cabe nun puño, para que o vencido non resucite. Mais o vencido non está vencido do totalmente até que lle pechan a boca. Por iso lle cosen os beizos cunha fibra que xamais apodrece.

Manfred Max-Neef, que viviu no Uruguai hai máis de vinte anos, comentoume o que máis lembraba: que os cans ladraban sentados e que a xente tiña a palabra.

Despois, a ditadura militar restableceu a orde, obligando aos uruguaios a mentir ou calar. Eu non sei se os cans ladraban parados; pero ter a palabra era non ter nada.

ALTERMUNDO. SUPLEMENTO HORIZONTAL | GALICIAHOXE@ALTERMUNDO.ORG | **WWW.ALTERMUNDO.ORG** | **DIRECCIÓN**: MANOEL SANTOS | **CONSELLO DE REDACCIÓN**: XOSÉ MANUEL BEIRAS, IMANOL DORCA, CARLOS TAIBO, CARMEN CARBALLO, XAVIER SIMÓN, XABIER MACÍAS, MARGA TOJO, XULIO RÍOS, ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ E CÂNDIDO GRYZBOWSKY | **MAQUETACIÓN**: Mª JOSÉ CEA OTERO | **REVISIÓN LINGÜÍSTICA**: MC PÉREZ PICALLO